

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de xuño de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a Raquel Díaz Vázquez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(841).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 1 de xuño de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(842).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2009. EXPTE. 3103/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.05.09, o informe de fiscalización do 2.06.09, e de acordo co informe-proposta, do 13.05.09, do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro delegado e dito servizol, e co informe complementario do 4.06.09, do devandito xefe do Servizo de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía para a coorganización da “FESTA DA SARDIÑA 2009”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 7.800,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía (CIF G-36.731.404), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0004 (Convenio Comisión Festas N. S. da Guía – Festa Sardiña) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2009.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA SARDIÑA 2009.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don José Gonda Faria, como presidente da Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF nº G-36.731.404 e enderezo social na rúa Alonso Ojeda nº 14 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3103/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía ten por fin, entre outros, a organización de festas populares, actividades culturais recreativas e festivas e todos aqueles actos relacionados cos ditos fins sociais. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira do monte da Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2009”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle chega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.800,00 (sete mil oitocentos) euros, a favor da asociación Comisión de Festas Nosa Señora da Guía.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa da Sardiña 2009 na carballeira da Guía o día 1 de agosto.

VI.- Que a entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3103/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa da Sardiña 2009, que terá lugar na carballeira da Guía, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2009".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Asociación de Comisión de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, unha subvención por importe de 7.800,00 (sete mil oitocentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa da Sardiña 2009.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, da entidade bancaria BANCO PASTOR, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións

ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da

entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello de Vigo os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

3(843).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2009. EXPTE. 3116/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.05.09, o informe de fiscalización do 2.06.09, e de acordo co informe-proposta, do 14.05.09, do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro delegado e dito servizo, e co informe complementario do 4.06.09, do devandito xefe do Servizo de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a coorganización da “FESTA DO MAGOSTO 2009”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 8.300,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0013 (Convenio Federación Peñas - Magosto) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2009.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2009.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3116/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás

iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Magosto”, na ribeira do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Animación Sociocultural, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se ven celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III. Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.300,00 (oito mil trescentos) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Magosto 2009 na ribeira do Berbés o 14 de novembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3116/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na ribeira do Berbés, e concretamente a:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente e que foi confeccionado pola comisión organizadora. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

1.Dúas persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.

- *En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: un técnico do Servizo de Animación Sociocultural.*

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da “FESTA DO MAGOSTO”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa (compra das castañas e viño, etc.).

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

8º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.

11º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

12º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios

presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 8.300,00 (oito mil trescentos) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0020.16.0040023628, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural

emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

4(844).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2009. EXPTE. 3106/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.06.09, o informe de fiscalización do 16.06.09, e de acordo co informe-proposta, do 15.05.09, do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro delegado e dito servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que deseguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares para a coorganización da “FESTA DO POLBO 2009”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 9.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0006 (Convenio Centro veciñal cultural Valadares – Festa Polbo) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2009.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2009.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Gregorio Álvarez Pereira, como presidente do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social na estrada xeral de Valadares nº 233 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3106/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten por fins, entre outros, o de organizar actividades culturais e sociais diversas. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Polbo”, no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas de Verán 2009”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha

subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Polbo 2009 no monte dos Pozos o día 9 de agosto.

VI.- Que a entidade Centro Veciñal e Cultural de Valadares non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3106/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Centro Veciñal e Cultural de Valadares, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Polbo 2009, que terá lugar no monte dos Pozos (Valadares), e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Festas de Vigo 2009”.

4º.- Conceder directamente ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.000,00 (nove mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Polbo 2009.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0082.48.0040007435, da entidade bancaria CAIXANOVA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada. A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da entidade, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei

15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2009.

5(845).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN INTEGRAL PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE FORMACIÓN PRÁCTICA NA ADMÓN. LOCAL – ANO 2009. EXPTE. 45530/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica Responsable do Programa, de 17.06.09, conformado polo xefe da Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de decembro de 2006 aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Integra para a realización dun programa de formación práctica na administración local.

O obxecto do convenio consiste na realización de prácticas coa finalidade de promover a adquisición de experiencias nas tarefas propias do ámbito da conserxería que actualmente se realizan no Concello.

A avaliación do programa é satisfactoria tanto a nivel dos beneficiarios como a nivel dos profesionais das distintas dependencias onde estiveron realizando as funcións propias no ámbito da conserxería.

Co amparo legal da cláusula terceira do convenio: “A duración do presente convenio será de un ano natural, prorrogable por períodos anuais ate un máximo de tres,

Propónse á Xunta de Goberno Local:

“Aprobar a prorroga do convenio coa Fundación Integra, CIF G36880615 para a realización dun programa de formación práctica na Administración Local para o presente ano 2009”.

Non obstante esa Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(846).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA FACER FRONTE ÁS AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE EMERXENCIA. EXPTE. 45132/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, do 29.05.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, con data 2 de febreiro de 2009 aprobou o marco de actuación do programa de prestacións individuais municipais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencias para o ano 2009.

A cláusula quinta do convenio especifica que si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ao previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes.

Mediante modificación de crédito vía xeración, incrementouse a dotación da partida 4123.480.00.00 en 19.000 euros.

En base ao anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 19.000 euros con cargo á partida 4123.480.00.00 para facer fronte as axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia.

SEGUNDO: Aprobar a realización de libramento a xustificar ata o importe máximo indicado no apartado primeiro: 19.000 euros, a favor do funcionario de CEDRO, D. FRANCISCO OTERO LAMAS, NIF 36047540P, para facer aoss referidos gastos. A cantidade solicitada transferirase á conta habilitada de CEDRO: 2080 0000740040290283.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(847).- PROPOSTA DE INTEGRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COMO SOCIO FUNDADOR NA ASOCIACIÓN DE FESTIVAIS DE JAZZ DE ESPAÑA. EXPTE. 11646/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión da Programación, do 28.05.09, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A idea de formar una asociación de festivais de jazz españois xurde a raíz dunha invitación da asociación de festivais de jazz en Francia, de nome AFIJMA, para asistir a una reunión en Perpignan para tratar a proposta de intercambio cos festivais de jazz españois, experiencia que levan desenvolvendo con outros países desde fai anos e con resultados moi positivos en canto a intercambio tanto de músicos como de programadores. A partir deste encontro aparece a necesidade de formar unha asociación en España que represente a todos os festivais asociados.

Os asistentes á citada reunión solicitaron á SGAE que convocara unha segunda reunión na Fundación Autor de Madrid, que se celebrou o 20 de febreiro de 2009 e á que o Concello de Vigo foi invitado como organizadores do Festival de Jazz Imaxina Sons. A esta reunión tamén asistiron representantes de o INAEM e o ICEX, unha representación de AFIJMA que explicaron o funcionamento da súa asociación así como a súa experiencia de intercambios e os beneficios de estar asociados.

As institucións presentes na citada xuntanza comprometéronse a financiar estes intercambios sempre e cando os festivais de España se organizaran como asociación e os festivais presentes decidiron convocar unha reunión xeral. Para isto se conectou cuns 25 festivais españois e se formou un pequeno comité de 7 que se volveu a reunir o 1 de abril de 2009.

Neste comité se falou da conveniencia de crear a asociación, ferramenta indispensable para mellorar o estado do jazz en España, intercambiar información, relacionarse con outros sectores da música e co resto das administracións. Asemade, as experiencias doutros festivais como Fest. Clásica, que reúne aos festivais de música clásica teñen sido moi positivas tanto para o intercambio de información entre os asociados como nas relacións establecidas co INAEM, as súas axudas para proxectos, así como para establecer contactos internacionais con outros festivais, etc.

O comité decidiu encargar a un xestor a preparación dos borradores de estatutos, así como do resto das xestións necesarias para cumprir coa lexislación vixente en canto ao rexistro da asociación.

Con data 20 de mayo de 2009 reunímonos todos os festivais cos que o comité pudo contactar no Ministerio de Cultura en Madrid para comentar o borrador de estatutos e constituir a asociación.

Atendendo aos antecedentes e a información anteriormente comentada, o departamento de Cultura considera de vital importancia formar parte da Asociación de Festivais de Jazz de España e e por isto que se fai a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO.-

1. Aprobar a pertenza do Concello de Vigo e o seu festival de jazz Imaxina Sons á Festjazz, Asociación de Festivais de Jazz de España.
2. Aprobar un gasto en concepto de cota anual de 600 €, con cargo á partida 4510.226.08.04 “cotas anuais”.
3. Nomear provisionalmente a Marta Núñez Aboy, con NIF 36138380K, funcionaria do departamento de Cultura, como representante do Concello de Vigo na citada asociación.
4. Facultar ao concelleiro con competencias delegadas na Área de Cultura para nomear a representantes en caso de substitución da citada funcionaria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(849).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR REALIZADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE MAIO. EXPTE. 11658/331.

Con data 16.06.09, en cumprimento do art. 31 das de execución do presuposto, o concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, dá conta á Xunta de Goberno da relación dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de maio, que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	DATA	PARTIDA	TIPO EXP.	NºRC	IMPORTE	PER-CEP-TOR	CIF/NIF
11592-331	Deseño, edición e distribución de material gráfico para o ciclo Xeración 2000+9	11/05/09	2260200	Servizos/suministro	27081	2.573,67	Anónimo Publicidad S.L.	B36721900
11595-331	Contratación do concerto de Rita Marcotulli o venres 26 de xuño dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27100	20.880,00	Nordesía Produccións S.L.	B15547235
11596-331	Contratación do concerto de Jacobo de Miguel & Tom Risco o venres 26 de xuño no conservatorio Superior de Música de Vigo dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27099	7.801,00		
11597-331	Contratación do concerto de Josetxo Goia-Arribas o sábado 27 de xuño no Conservatorio Superior de Música de Vigo dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27098	7.830,00		
11598-331	Contratación do concerto de Anouar Brahem o sábado 27 de xuño no Conservatorio Superior de Música de Vigo dentro do festival de jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27097	18.908,00		

11599-331	Contratación do concerto de Orquestra Omega o domingo 28 de xuño no Conservatorio Superior de Música de Vigo dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27096	17.980,00		
11600-331	Contratación de Fred Frith para ensaios e dirección da Orquestra Omega, concerto con Lucía Recio e realización dunha master-class dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27095	17.980,00		
11601-331	Contratación do concerto de CMS Colina-Miralta-Sambeat o xoves 2 de xullo no Teatro Salesianos dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27094	19.749,00		
11602-331	Contratación do concerto de Andreas Willers o venres 3 de xullo no Teatro Salesianos dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27093	9.894,80		
1603-331	Contratación do concerto de Lucas Niggli o sábado 4 de xullo no Teatro Salesianos dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27092	15.080,00		
11604-331	Contratación do concerto de Abe Rábade o domingo 5 de xullo no Teatro Salesianos dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27091	17.110,00		
11605-331	Contratación e produción dos concertos do Ciclo de solistas no MARCO dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27090	12.528,00		
11606-331	Contratación do concerto de Low Budget Research Kitchen o xoves 2 de xullo na Praza do Rei dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27088	7.656,00		
11607-331	Contratación da actuación de Napoleón Murphy para o concerto de Low Budget Research Kitchen o xoves 2 de xullo na Praza do Rei dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27087	9.744,00		
11608-331	Contratación da actuación de Pepe Evangelista o venres 3 de xullo na Praza do Rei dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27086	14.152,00		
11609-331	Contratación da actuación de Santiago de la Muela o venres 3 de xullo na Praza do Rei dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27085	16.240,00		
11610-331	Contratación da actuación de Carlos López o sábado 4 de xullo na Praza do Rei dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27084	19.140,00		
11611-331	Contratación da actuación de Omar Sosa o sábado 4 de xullo na Praza do Rei dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	12/05/09	2260803	Servizos	27083	13.688,00		
11612-331	Redacción informes sobre a execución da obra de rehabilitación de locais, biblioteca Martínez Garrido nº 21	11/05/09	2270600	Servizos	27064	18.000,00	Shale referencia SLU	B36967735

11615-331	Redacción de diversos proxectos de pregos de bases técnicas a considerar polo departamento de Cultura do Concello de Vigo nas contratacións que se terán que realizar para a posta en marcha da Biblioteca Pública Municipal da Avda. Martínez Garrido	12/05/09	2270600	Servizos	27643	17.500,00	Máis Interterras S.L.	B70206792
11621-331	Traducións ao galego do guión do espectáculo "la Vengeance du Bourdon"	22/04/09	2270600	Servizos		98,7	Alianza francesa	G36615797
11622-331	Mensaxería mes abril	30/04/09	2230000	Servizos		96,01	Mensajería reparto y gestión urgente sl	B36821494
11627-331	Producción dos concertos realizados no cine Salesianos durante o Festival de Jazz Imaxina Sons	13/05/09	2270600	Servizos	27642	20.880,00	Producción e Xestión Cultural S.L.	B36743755
11628-331	Contratación de actividades de dinamización á lectura, que se desenvolverán na Biblioteca Central durante o ano 2009	18/05/09	2270611	Servizos	28258	2.842,00	Duende Sico SL	B15814346
					28259	3.955,60	Titirimaña a SL	B36592616
11632-331	Producción dos concertos realizados na Praza do Rei dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	25/05/09	2270600	Servizos	29944	20.878,84	Producción e Xestión Cultural S.L.	B36743755
11633-331	Contratación das actividades complementarias a realizar dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons (mesas redondas, master-class e invitados prensa especializada)	26/05/09	2260803	Servizos	29795	10.382,00		
11634-331	Contratación do ciclo Jazz na Noite dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	26/05/09	2260803	Servizos	29760	12.180,00		
11635-331	Contratación de pasarrúas do grupo Always Drinking Marching Band os días 2, 3, 4 e 5 de xullo dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	26/05/09	2260803	Servizos	29806	18.096,00	Nordesía Producións S.L.	B15547235
11636-331	Contratación de pasarrúas do grupo Papa Swing os días 25, 26, 27 e 28 de xuño dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	26/05/09	2260803	Servizos	29800	19.024,00		
11637-331	Contratación das escolas "A Tempo" de Pontevedra e Municipal de A Coruña para participar no Imaxina na Rúa os sábados 6 e 20 de xuño respectivamente dentro do Festival de Jazz Imaxina Sons	26/05/09	2260803	Servizos	29798	3.248,00		
11638-331	Material vario para reparacións en dependencias municipais	30/04/09	2120000	Submis-tro		3390,8	Ferretería Pombo S.A.	A36644011
11639-331	Reparacións varias en dependencias culturais	14/05/09	2120000	Submis-tro		2253,2	José M. Muíños Rodríguez	36130547P

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

9(850).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE EXTRACOMUNITARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DURANTE O ANO 2009. EXPTE. 45515/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 10.06.09, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención proposta polo departamento de Benestar Social, a través da Oficina de Inmigración, por un importe total de 287.000 €.- € segundo o previsto na Resolución do 29 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

Dito importe esta desagregado segundo o eixes previsto na resolución cos seguintes importes: Eixe de educación : 105.000,00.- €, Eixe de emprego: 68.000,00.-€; Eixe de vivenda: 20.000,00.-€; Eixe de servizos sociais: 58.000,00.-€; Eixe de muller: 36.000,00.-€;

10(851).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN DESTINADA A FAVORECER OS PROCESOS DE ACOLLIDA DA POBOACIÓN RETORNADA E INMIGRANTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DURANTE O ANO 2009. EXPTE. 45514/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 10.06.09, conformado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada a proposta do departamento de Benestar Social, do Concello de Vigo, a través da Oficina de Inmigración, por un importe total de 181.000.- € segundo o previsto na Resolución do 29 de maio de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

11(852).- DATA DE REMATE DO PRAZO PARA A SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DOS POSTOS DE VENDA DO MERCADO DO PROGRESO. CRITERIOS PARA A FUTURA ADXUDICACIÓN DAS CONCESIÓNS. EXPTE. 57/551.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do interventor técnico do Mercado do Progreso, do 5.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Comercio, que di o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2008, adoptou o seguinte acordo:

“ 41.- CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DOS POSTOS DE VENDA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 57/551.

(...)PRIMEIRO.- Declarar extinguidos os contratos de arrendamento existentes no Mercado do Progreso e proceder a outorgar, en procedemento de libre concorrência, concesións de dominio público sobor dos postos, que terán as seguintes condicións:

- a) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- b) Obriga a pagar un canon mensual polo importe que resulta da seguinte táboa, resultado de actualizar ó IPC a actual cota máis frecuente para cada tipo de posto:*

<i>TIPO</i>	<i>DESCRIPCION</i>	<i>CANON/MES</i>
<i>B</i>	<i>Bancada peixe 1º andar</i>	<i>90,62 €</i>
<i>C</i>	<i>Carnicería 1º andar</i>	<i>188,80 €</i>
<i>F</i>	<i>Froiterías 1º andar</i>	<i>123,00 €</i>
<i>M</i>	<i>Postos centrais 1º andar</i>	<i>90,62 €</i>
<i>VCA</i>	<i>Cafetería</i>	<i>519,18 €</i>
<i>VKI</i>	<i>KIOSKO</i>	<i>148,84 €</i>
<i>VPA</i>	<i>Panadería</i>	<i>519,18 €</i>
<i>SUP</i>	<i>Supermercado</i>	<i>3.064,00 €</i>

- c) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sin actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sin dereito a indemnización*
- d) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sin o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:
Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e tranferibles entre vivos e por causa de morte.
O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.
No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.
As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*
- e) Os concesionarios dos postos do Mercado do Progreso poderán adquirir talonarios de vales de aparcamento bonificados para a entrega ós seus clientes e que darán a estes*

dereito a aparcar no aparcamento do Mercado do Progreso por un máximo de unha ou dúas horas, segundo os casos que se indican a continuación, non sendo posible a acumulación de bonos e procedéndose ó abono do uso suplementario en caso de excesos. Estes bonos, nos que se fará constar o día e a hora da súa entrega e só serán válidos en este intervalo, terán o seguinte custo:

- a. Talonario de 50 bonos de unha hora, 10 €*
- b. Talonario de 50 bonos de dúas horas, 25 €*

Os talóns serán facilitados pola xerencia do Mercado do Progreso previo abono do seu importe e presentación do impreso que se aprobe validado por entidade bancaria autorizada.

Os concesionarios son reponsables do bó uso dos bonos. O Concello de Vigo, a proposta da Xerencia, e oído o concesionario, poderá negar a venda de bonos bonificados no caso de uso negligente ou fraudulento dos mesmos.

- f) Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope valeiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión. Esta indemnización será de unha mensuralidade para as obras que se inicien en 2009 e 2010 e se refiran ás ampliacións de duración da concesión á que se refire o apartado seguinte da presente.*
- g) No suposto de realización de obras no Mercado que impliquen peche temporal do Mercado ou de algún posto, non será esixible o canon polo tempo de peche. Nembargantes, o concesionario non terá dereito a indemnización algunha polo tempo que deba permanecer pechado.*
- h) No suposto de que polo Concello de Vigo sexa acordada a xestión indirecta do Mercado do Progreso, os cánones poderán ser incrementados en ata un 20% do importe da táboa, sendo nembargantes ó menor canon esixible un dos criterios a ter en conta para a adxudicación da xestión. No suposto de optar pola xestión indirecta, a relación entre os concesionarios e o Concello de Vigo non sufrirá variación algunha, pois a xestión indirecta referirase únicamente á xestión dos cobros e pagos e ás propostas e xestión de investimentos no Mercado e o seu entorno, non delegándose, agás troco legal que o poidera consentir, e estudada a oportunidade da medida, nin a actividade de policía nin a sancionadora. Asimesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuir os cánones mensuais.*
- i) Os concesionarios poderán constituirse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.*
- j) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.*

As contías ás que se refire o presente apartado actualizaranse no mes de xaneiro de cada ano ó IPC. Esta porcentaxe aplicarase automaticamente e o resultado da súa actualización será exposta no taboleiro de anuncios do Mercado do Progreso durante o mes de xaneiro, sen que sexa precisa a súa notificación individual.

Os acordos sobor da proposta de obras a realizar, en canto impliquen contribucións especiais ou peche temporal do Mercado ou de postos do mesmo, así coma o incremento dos cánones ós que se refire o apartado h) precisarán do consentimento de, alomenos, o 75% dos concesionarios.

SEGUNDO.- Transformar os contratos de arrendamento vixentes para aqueles postos nos que se desenvolven actividades do que podemos chamar "servizo público de mercados" (bancadas de peixe, carnicerías, froiterías, cantina do Mercado, panadería e kiosco) en concesións administrativas polo tempo que lles restaría nos seus primitivos contratos de arrendamento e elo motivado pola necesidade de que o servizo non sexa temporalmente interrompido e pola confianza que os interesados poideran ter esperado da actuación administrativa.

A dita opción consiste, pois, en transformar, excepcionalmente, os arrendamentos en concesión polo tempo que lle restaría ós contratos, concesión que estaría suxeita ás condicións indicadas no apartado anterior. Excepcionalmente, neste prazo permitiríanse asimesmo os traspasos e traslados dos postos sin pago de haber algún por tal concepto.

Por outra banda, e toda vez que, amáis das xa executadas, prevése a realización de importantes obras no Mercado, os actuáis usuarios dos postos e quenes ocupen postos en virtude de autorizacións provisionáis, así coma o usuario do supermercado, poderán ampliar a concesión ata un máximo de 40 anos, nas condicións indicadas no apartado anterior. As contías obtidas por este procedemento serán destinadas a investimentos no Mercado e o seu entorno, tramitando o Concello de Vigo os correspondentes expedientes e solicitando as axudas de outras Administracións ás que poidera optarse.

A) De conformidade có indicado, no prazo de dous meses dende a notificación individualizada de este acordo, quenes estean a utilizar efectivamente os postos do servizo público no Mercado do Progreso por calqueira título e estean ó corrente nos pagamentos das cotas poderán optar por unha das seguintes opcións:

- a) Transformar o seu contrato de arrendamento ou traspaso nunha concesión administrativa polo tempo que reste ata a finalización do seu contrato orixinario, si éste tivese fixado un prazo de finalización*
- b) Ampliar o tempo de duración da concesión ata un máximo de 40 anos a contar dende a finalización do prazo de tres meses, mediante o abono dunha contía igual a unha cota mensual por cada ano ou fracción que se desexe ampliar, independente do canon mensual.*
- c) Optar por adquirir un dereito sobor dos postos que ocupan en virtude dunha autorización provisional do Concello de Vigo mediante o abono dunha contía igual a unha cota e media mensual por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40, independente do canon mensual. Este réxime será o aplicable, igualmente, ó local destinado a supermercado, no que rexerán as mesmas condicións que actualmente.*

As ditas opcións serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se remita xuntamente coa participación do presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF*
- b) Copia do actual contrato de arrendamento*
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, nos prazos que se indican na presente, en caso de optar pola opcións b ou c*

Os titulares dos postos que ó remate do prazo indicado non teñan optado por ningunha das opcións (transformación, ampliación ou constitución da concesión) perderán calqueira dereito sobor dos postos.

B) Durante o prazo dun mes dende a finalización do prazo ó que se refire o subapartado anterior, os suxeitos nela incluídos poderán optar á adxudicación directa dos postos valeiros do Mercado que sexan colindantes cós seus, cuxa relación será oportunamente aprobada e exposta no Mercado, aboando unha contía, independente do canon mensual de unha mensuralidade e media por cada ano sobor dos que desexa adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40

As solicitudes para optar serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se aproba xuntamente coa presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Copia do actual contrato de arrendamento
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 10% da contía da cota inicial.

A preferencia para a adxudicación dos postos, no caso de dous colindantes que opten ó posto, virá determinada polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

C) Os postos que non resulten adxudicados no prazo indicado neste artigo serán subhastados, sendo o tipo mínimo da subhasta o resultante da aplicación da presente. A tal fin, rematados os prazos do presente, iniciaráse sin dilación o procedemento correspondente.

D) O pagamento das cotas pola ampliación ou constitución das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 10% do importe resultante no momento de exercitar a opción
- b) O 30 % antes do 31 de outubro de 2009
- c) O 30% antes do 30 de abril de 2010
- d) O 30% ates do 31 de outubro de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

TERCEIRO.- Rematados os prazos ós que se refire o apartado anterior, procederáse á subhasta dos postos valeiros, subhasta na que o tipo mínimo da subhasta será de dúas cotas mensuais por cada ano de concesión ó que se opte, cun mínimo de 25 e un máximo de 40.

As solicitudes para optar á adxudicación en subhasta serán exercitadas mediante a presentación de ofertas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo que cse indique, xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia cotexada do NIF
- b) Oferta económica e número de anos ós que opta
- c) Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 20% da contía do tipo mínimo da subhasta para o período mínimo.

A preferencia para a adxudicación dos postos virá determinada polo maior tipo. En caso de empate, polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

O pagamento das cotas pola adxudicación das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 40% do importe no prazo de un mes dende a adxudicación da concesión
- b) O 30% antes do 30 de abril de 2010
- c) O 30% antes do 31 de outubro de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha e procedendo a incautar a garantía.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.”

SEGUNDO.- Con posterioridade á emisión da dita proposta, constatouse que certos aspectos do mesmo deberían ser subsanados e/ou modificados a fin de garantir a solvencia económica do Mercado e a prevista realización de investimentos no Mercado. En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria que tivo lugar o día dous de marzo de 2009, adoptou o seguinte ACORDO:

“27(232).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 22.12.08 SOBRE CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DOS POSTOS DE VENDA DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 57/771.

(...)PRIMEIRO.- Declarar extinguidos os contratos de arrendamento existentes no Mercado do Progreso e proceder a outorgar, en procedemento de libre concorrência, concesións de dominio público sobor dos postos, que serán hipotecables e terán as seguintes condicións:

1. Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.
2. Obriga a pagar un canon mensual polo importe que resulta da seguinte táboa, resultado de actualizar ó IPC a actual cota máis frecuente para cada tipo de posto:

TIP O	DESCRIPCION	CANON/MES
B	Bancada peixe 1º andar	53,31 €/ metro
C	Carnicería 1º andar	69,93 €/metro
F	Froiterías 1º andar	45,56 €/metro
M	Postos centrais 1º andar	30,21 €/metro

VCA	Cafetería	519,18 €
VKI	KIOSKO	148,84 €
VPA	Panadería	519,18 €
SUP	Supermercado	3.064,00 €

3. *Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sin actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sin dereito a indemnización*
4. *Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sin o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*

Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e tranferibles entre vivos e por causa de morte.

O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.

No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.

As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.

5. *Os concesionarios dos postos do Mercado do Progreso poderán adquirir talonarios de vales de aparcamento bonificados para a entrega ós seus clientes e que darán a estes dereito a aparcar no aparcamento do Mercado do Progreso por un máximo de unha ou dúas horas, segundo os casos que se indican a continuación, non sendo posible a acumulación de bonos e procedéndose ó abono do uso suplementario en caso de excesos.*

Estes bonos, nos que se fará constar o día e a hora da súa entrega e só serán válidos en este intervalo, terán o seguinte custo:

1. *Talonario de 100 bonos de unha hora, 10 €*
2. *Talonario de 100 bonos de dúas horas, 25 €*

Os talóns serán facilitados pola xerencia do Mercado do Progreso previo abono do seu importe e presentación do impreso que se aprobe validado por entidade bancaria autorizada.

Os concesionarios son reponsables do bó uso dos bonos. O Concello de Vigo, a proposta da Xerencia, e oído o concesionario, poderá negar a venda de bonos bonificados no caso de uso negligente ou fraudulento dos mesmos.

6. Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope valeiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión. En todo caso, serán agrupados os comerciantes que se comprometan a abrir en horario de mañán e tarde.
7. No suposto de realización de obras no Mercado que impliquen peche temporal do Mercado ou de algún posto, non será esixible o canon polo tempo de peche. Nembargantes, o concesionario non terá dereito a indemnización algunha polo tempo que deba permanecer pechado.
8. No suposto de que polo Concello de Vigo sexa acordada a xestión indirecta do Mercado do Progreso, os cánones poderán ser incrementados en ata un 40% do importe da táboa, sendo nembargantes ó menor canon esixible un dos criterios a ter en conta para a adxudicación da xestión. No suposto de optar pola xestión indirecta, a relación entre os concesionarios e o Concello de Vigo non sufrirá variación algunha, pois a xestión indirecta referirase unicamente á xestión dos cobros e pagos e ás propostas e xestión de investimentos no Mercado e o seu entorno, non delegándose, agás troco legal que o poidera consentir, e estudada a oportunidade da medida, nin a actividade de policía nin a sancionadora. Asimesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuir os cánones mensuais.
9. Os concesionarios poderán constituirse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.
10. Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.
11. De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, ó remate das mesmas, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario que se aprobe por grupos de comerciantes. No caso de non instalalo, será de aplicación o apartado f) do presente

As contías ás que se refire o presente apartado actualizaranse no mes de xaneiro de cada ano ó IPC. Esta porcentaxe aplicarase automaticamente e o resultado da súa actualización será exposta no taboleiro de anuncios do Mercado do Progreso durante o mes de xaneiro, sen que sexa precisa a súa notificación individual.

Os acordos sobor da proposta de obras a realizar, en canto impliquen contribucións especiais ou peche temporal do Mercado ou de postos do mesmo, así coma o incremento dos cánones ós que se refire o apartado h) precisarán do consentimento de, alomenos, o 75% dos concesionarios.

SEGUNDO.- Transformar os contratos de arrendamento vixentes para aqueles postos nos que se desenvolven actividades do que podemos chamar "servizo público de mercados" (bancadas de peixe, carnicerías, froiterías, cantina do Mercado, panadería e kiosco) en concesións administrativas polo tempo que lles restaría nos seus primitivos contratos de arrendamento e elo

motivado pola necesidade de que o servizo non sexa temporalmente interrompido e pola confianza que os interesados poideran ter esperado da actuación administrativa.

A dita opción consiste, pois, en transformar, excepcionalmente, os arrendamentos en concesión polo tempo que lle restaría ós contratos, concesión que estaría suxeita ás condicións indicadas no apartado anterior. Excepcionalmente, neste prazo permitiríanse asimesmo os traspasos e traslados dos postos sin pago de haber algún por tal concepto.

Por outra banda, e toda vez que, amáis das xa executadas, prevése a realización de importantes obras no Mercado, os actúais usuarios dos postos e quenes ocupen postos en virtude de autorizacións provisionáis, así coma o usuario do supermercado, poderán ampliar a concesión ata un máximo de 40 anos, nas condicións indicadas no apartado anterior. As contías obtidas por este procedemento serán destinadas a investimentos no Mercado e o seu entorno, tramitando o Concello de Vigo os correspondentes expedientes e solicitando as axudas de outras Administracións ás que poidera optarse.

A) De conformidade có indicado, no prazo de dous meses dende a notificación individualizada de este acordo, quenes estean a utilizar efectivamente os postos do servizo público no Mercado do Progreso por calqueira título e estean ó corrente nos pagamentos das cotas poderán optar por unha das seguintes opcións:

- 1. Transformar o seu contrato de arrendamento ou traspaso nunha concesión administrativa polo tempo que reste ata a finalización do seu contrato orixinario, si éste tívese fixado un prazo de finalización*
- 2. Ampliar o tempo de duración da concesión ata un máximo de 40 anos a contar dende a finalización do prazo de tres meses, mediante o abono dunha contía igual a unha cota mensual por cada ano ou fracción que se desexe ampliar, independente do canon mensual.*
- 3. Optar por adquirir un dereito sobor dos postos que ocupan en virtude dunha autorización provisional do Concello de Vigo mediante o abono dunha contía igual a unha cota e media mensual por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40, independente do canon mensual. Este réxime será o aplicable, igualmente, ó local destinado a supermercado, no que rexerán as mesmas condicións que actualmente.*

As ditas opcións serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se remita xuntamente coa participación do presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

- 1. Copia cotexada do NIF*
- 2. Copia do actual contrato de arrendamento*
- 3. Xustificante de ter efectuado o ingreso, nos prazos que se indican na presente, en caso de optar pola opcións b ou c*

Os titulares dos postos que ó remate do prazo indicado non teñan optado por ningunha das opcións (transformación, ampliación ou constitución da concesión) perderán calqueira dereito sobor dos postos.

B) Durante o prazo dun mes dende a finalización do prazo ó que se refire o subapartado anterior, os suxeitos nela incluídos poderán optar á adxudicación directa dos postos valeiros do Mercado que sexan colindantes cós seus, cuxa relación será oportunamente aprobada e exposta no Mercado, aboando unha contía, independente do canon mensual de unha mensuali-

dade e media por cada ano sobor dos que desexe adquirir dereitos, cun mínimo de 25 e un máximo de 40

As solicitudes para optar serán exercitadas mediante a presentación do modelo que se aproba xuntamente coa presente, que será presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo antes do remate do dito prazo, xunto coa seguinte documentación:

1. Copia cotexada do NIF
2. Copia do actual contrato de arrendamento
3. Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 10% da contía da cota inicial.

A preferencia para a adxudicación dos postos, no caso de dous colindantes que opten ó posto, virá determinada polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera ingresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

C) Os postos que non resulten adxudicados no prazo indicado neste artigo serán subhastados, sendo o tipo mínimo da subhasta o resultante da aplicación da presente. A tal fin, rematados os prazos do presente, iniciarásese sin dilación o procedemento correspondente.

D) O pagamento das cotas pola ampliación ou constitución das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 10% do importe resultante no momento de exercitar a opción
- b) O 30 % antes do 31 de agosto de 2009
- c) O 30% antes do 28 de febreiro de 2010
- d) O 30% ates do 31 de agosto de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no propio Mercado do Progreso.

TERCEIRO.- Rematados os prazos ós que se refire o apartado anterior, procederásese á subhasta dos postos valeiros, subhasta na que o tipo mínimo da subhasta será de dúas cotas mensuais por cada ano de concesión ó que se opte, cun mínimo de 25 e un máximo de 40.

As solicitudes para optar á adxudicación en subhasta serán exercitadas mediante a presentación de ofertas no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo que cse indique, xunto coa seguinte documentación:

1. Copia cotexada do NIF
2. Oferta económica e número de anos ós que opta
3. Xustificante de ter efectuado o ingreso, en concepto de garantía, do 20% da contía do tipo mínimo da subhasta para o período mínimo.

A preferencia para a adxudicación dos postos virá determinada polo maior tipo. En caso de empate, polo maior número de anos ós que opten. En caso de empate, pola data da súa solicitude. En caso de dúas solicitudes na mesma data, terá preferencia aquél usuario que tivera in-

gresado antes o importe indicado. A estes efectos, tomaráse a hora mecanizada que conste no documento bancario de ingreso.

O pagamento das cotas pola adxudicación das concesións, será efectuado nos seguintes prazos:

- a) O 40% do importe no prazo de un mes dende a adxudicación da concesión
- b) O 30% antes do 28 de febreiro de 2010
- c) O 30% antes do 31 de agosto de 2010

Os adxudicatarios dos postos que non ingresen a totalidade do importe enténdese que renuncian ós seus dereitos, non procedendo a devolución de cantidade algunha e procedendo a incautar a garantía.

O importe das contías obtidas en aplicación do presente apartado serán destinadas, en todo caso, a investimentos no Mercado do Progreso e o seu entorno.

CARTO.- Remitir ós titulares dos postos e ós vendedores de produtos do campo anteproxecto de Regulamento do Mercado do Progreso, a fin de que efectúen as suxerencias que desexen no prazo de un mes

QUINTO.- O Concello de Vigo, a través do Concelleiro de Turismo, contactará con entidades bancarias a fin de, mediante a sinatura de convenios, procurar financiamento para os comerciantes para o pagamento das cotas por ampliación ó que se refire o presente, puidendo, a cambio de espazos no propio mercado destinados a caixeiros automáticos e similares, obter financiamento para a realización dos proxectos de reforma do Mercado e o propio financiamento das obras.”

TERCEIRO.- Notificado o acordo precedente a tódolos usuarios actuáis dos postos do Mercado, procede emitir, dada a diversidade de datas de notificación, fixar un prazo común de finalización da solicitude de opción de adquirir unha concesión de dominio por un prazo de ata 40 anos. A estes efectos, e en función das datas de notificación, fíxase o dito prazo no 30 de xuño.

CARTO.- Ós usuarios que fagan uso da opción indicada outorgaráselles unha concesión do dominio polo tempo que lles restaría do seu contrato de arrendamento ou polo prazo de ata 40 anos cuxa ampliación soliciten.

Nembargantes, a concesión outorgarase con condición resolutoria a prol do Concello de Vigo no suposto de que na realización das obras previstas (que implica a concentración dos postos de venda na planta baixa do Mercado e a ubicación do supermercado na superior) resulten menos postos dos concedidos.

En tal caso, procederíase a adxudicar os postos resultantes de acordo cós seguintes criterios:

- a) En primeiro lugar serían adxudicados a aqueles usuarios que, de resultas do procedemento que estamos a seguir, teñan optado por unha concesión a 40 anos.

- b) *Se non fosen suficientes os postos para o dito grupo, reduciríanse os postos dos que tiveran máis de un*
- c) *En caso de persistir a insuficiencia, reduciríanse aqueles que non se tiveran comprometido a abrir en horario de mañán e tarde*
- d) *Se incluso así resultasen insuficientes, terían preferencia os usuarios con maior antigüidade no Mercado do Progreso sobor dos de menos*
- e) *De persistir a igualdade, realizaríase un sorteo*
- a) *Se resultasen suficientes os postos para aqueles que tivesen solicitado a concesión a 40 anos, procederíase a adxudicar por orde decrecente de anos de concesión ata que resultasen cubertos os postos. No caso de empate, utilizaríanse os demáis criterios indicados*

Ós usuarios que resultasen excluídos segundo as normas de este apartado, lles serán devoltas as cantidades que, en concepto do indicado no presente artigo tivesen entregado e, de se-lo caso, a indemnización de dúas mensualidades da táboa que consta no apartado SEGUNDO por cada ano completo que lles restase polo seu contrato de arrendamento.

Vistos os feitos e fundamento de dereito indicados, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa remisión a Intervención Xeral, por si fose procedente a fiscalización do presente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Comunicar ós usuarios dos postos do Mercado do Progreso que o prazo para optar á transformación dos sus contratos e autorizacións por unha concesión de dominio vence o 30 de xuño de 2009

SEGUNDO.- Comunicarlles que, no caso de que a realización de obras implique a desaparición de postos de venda, as concesións de dominio que, no seu caso, lles sexan outorgadas, serán mantidas ós que resulten adxudicatarios dos postos segundo os criterios que se citan a continuación, quedando resoltas as restantes:

- a) *En primeiro lugar serían adxudicados a aqueles usuarios que, de resultados do procedemento que estamos a seguir, teñan optado por unha concesión a 40 anos.*
- b) *Se non fosen suficientes os postos para o dito grupo, reduciríanse os postos dos que tiveran máis de un*
- c) *En caso de persistir a insuficiencia, reduciríanse aqueles que non se tiveran comprometido a abrir en horario de mañán e tarde*
- d) *Se incluso así resultasen insuficientes, terían preferencia os usuarios con maior antigüidade no Mercado do Progreso sobor dos de menos*
- e) *De persistir a igualdade, realizaríase un sorteo*
- f) *Se resultasen suficientes os postos para aqueles que tivesen solicitado a concesión a 40 anos, procederíase a adxudicar por orde decrecente de anos de concesión ata que resultasen cubertos os postos. No caso de empate, utilizaríanse os demáis criterios indicados*

Ós usuarios que resultasen excluídos segundo as normas de este apartado, lles serán devoltas as cantidades que, en concepto do indicado no presente artigo tivesen entregado e, de se-lo caso, a indemnización de dúas mensualidades da táboa que consta no apartado SEGUNDO por cada ano completo que lles restase polo seu contrato de arrendamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(853).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Ó CLUB CICLISTA DE TEIS PARA A ORGANIZACIÓN DO XVIII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS-XV MEMORIAL PABLO MOREIRAS O DÍA 5 DE XULLO. EXPTE. 8608/333.

Examinadas actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 8.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Teis a organizar o vindeiro domingo 5 de xullo de 2009, XVIII GRAN PREMIO CICLISTA TEIS- XV MEMORIAL PABLO MOREIRAS”, dita proba comenará ás 10.00 horas cunha duración de 3 horas e percorrera polas rúas Sanjurjo Badía, Enrique Lorenzo, e Purificación Saavedra.

13(854).- NOMEAMENTO DOS DIRECTORES DAS OBRAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO ORNAMENTAL. EXPTE. 6021/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 12.06.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

O Obradoiro de Emprego Vigo Ornamental do Concello de Vigo, Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, comenará a finais de setembro de 2009, nas instalacións de Mestre Goldar pertencente a esta Concellaría.

Conta cunha subvención da Consellería de Traballo Nº expediente 36/00003/2009 e aplicación orzamentaría 636.228,00.- , ríxese pola normativa vixente a aplicar Orde de 30 de decembro do 2008, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 9 do 14 de xaneiro do 2009).

En cumprimento da lexislación vixente é necesario o nomeamento do director facultativo e do director de execución, responsables da dirección das obras vai realizar o persoal do Obradoiro de Emprego Vigo Ornamental, obras relacionadas coa remodelación dun tramo da Avenida de Europa, rehabilitación de edificios municipais (antiga escola Maestro Goldar e Conservas Garavilla) e acondicionamento do espazo público sito na Baixada a Ríos no barrio de Teis, e para o que se propón os Arquitectos Municipais Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Polo exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso como Directores da obra asumindo a supervisión técnica das obras do proxecto Obradoiro de Emprego Vigo Ornamental.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(855).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS SOBRE FEITOS DENUNCIADOS SUPOSTAMENTE COMETIDOS POR FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33997/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe de Policía Local, do 16.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ordenar a incoación de dilixencias informativas sobre os feitos denunciados o pasado 01 de xuño de 2009 pola Policía Local D.^a Patricia Ubeira Grosio, por se dos mesmos puidese seguirse a esixencia de responsabilidade disciplinaria ao Policía Local D. Ricardo A. Méndez Paz.

2º.- Nomear instrutor das mesmas ao funcionario de carreira con posto de traballo de Asesor Xurídico da Policía Local, D. Antonio Viveiro Mijares; e como secretario ao funcionario de carreira con posto de traballo de Inspector Principal da Policía Local, D. Francisco Martínez Muñoz.

15(856).- DAR CONTA RESOLUCIÓN RELATIVA A ADSCRICIÓN DE FUNCIONARIA INTERINA AO SERVIZO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS (CEDRO). EXPTE. 19060/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, do 12.05.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2009, foi nomeada interinamente como auxiliar de administración xeral (de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público), D.^a Surayma Amoedo Rodríguez, D.N.I. 76.991.512-R, proposta polo órgano de selección, cunha puntuación de 13,865 puntos, unha vez acreditados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, tomando posesión interinamente da súa praza no día de hoxe.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso as do posto cód. 138 da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009.

En consecuencia, tendo en conta as necesidades de medios humanos cos que conta na actualidade o Servizo Municipal de Drogodependentes –CEDRO-, toda vez que por Resolución do Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal de data 13 de maio actual foi trasladada a outro servizo municipal a única auxiliar con que contaba o referido Servizo, no uso das atribucións que me están conferidas pola vixente lexislación de réxime local,

R E S O L V O:

“Adscribir ó Servizo Municipal de Drogodependencias –C.E.D.R.O.-, Cód. 315, á D^a. Surayma Amoedo Rodríguez, DNI nº 76.991.512-R, ao posto de traballo cód. 138-Auxiliar, con efectos de 14 de maio de 2009, Cód. ocup.: a, Grupo: C2 de titulación, Empresa cotización: 07, Grupo tarifa: 07, Centro de Coste: 412.3, Cód. Cont.: 418.

A presente resolución, notifíquese ó Director de CEDRO, Xefe do Servizo de Recursos Humanos, Xefe da Area de Benestar Social, Intervención Xeral, Organización e Métodos e, Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

16(857).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO FUNCIONARIO D. AVELINO SAN LUIS COSTAS (4º TRIMESTRE 2008). EXPTE. 18815/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.04.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 17.03.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D Avelino M. San Luis Costas , Xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400 €, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

O citado acordo especifica o carácter anual do complemento retributivo aprobado non circunscribéndolo ao ano 2007 unicamente, polo que se considera que o gasto si foi previamente autorizado, quedando condicionado o seu aboamento a existéncia de consignación na partida orzamentaria 121.0.1500000 Productividade.

Con data 23 de xaneiro de 2009, recibese informe asinado polo Alcalde Presidente da Corporación no que se acredita o especial rendemento e adicación do devandito funcionario no 4º trimestre do ano 2008 (xullo, agosto, setembro).

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuír o especial

rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo, precepto que debe interpretarse nos termos do disposto nas disposicións derogatorias única e final cuarta da Lei 7/2007 do 12 de abril .

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As motivacións da presente proposta en canto a prolongación da xornada laboral, incremento de funcións, etc, considérase que as especiais circunstancias nas que se produce o desempeño do posto de traballo referido supoñen una dispoñibilidade plena, incluídos días festivos por esixencia obxectiva dos seus cometidos, parámetros que ata a data non se atopan recollidos en ningún concepto retributivo de carácter fixo, polo que cumpre recoñecer ao funcionario adscrito ao posto de xefe de Relacións Públicas, previo informe acreditativo do servizo, o seu especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que esta a desempeñar o seu traballo, de conformidade co disposto no artigo 28 da Ley 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2009 (en canto ao complemento de produtividade) en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, e no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Según os datos obrantes no Servizo de Persoal, o funcionario Avelino San Luis Costas disfrutou de vacacións do 8 de setembro ao 1 de outubro de 2008 e como non tivo ningunha baixa por incapacidade temporal no período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2008.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 2.600,00 €.

Vistos os feitos precedentes pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, polo que considérase que previo informe da Intervención Xeral proponse á Xunta de Goberno Local:

- 1 O aboamento ao funcionario D Avelino San Luis Costas, funcionario adscrito a Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 2600,00 €, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de outubro ao 31 de decembro de 2008.*

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(858).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á AUXILIAR ADMINISTRATIVA D^a MARÍA LUISA ACHA VÁZQUEZ, ADSCRITA AOS SERVIZOS ELECTROMECAÑICOS. EXPTE. 18730/220/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 29.12.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Recoñecer a auxiliar administrativa adscrita ao servizo de electromecanicos, M Luisa Acha Vazquez, con numero de persoal 78250, polo desempeño dunha carga administrativa moi superior a que lle corresponderia, un complemento de produtividade por importe de 646,16 €, polo especial interés, adicación e iniciativa con que estivo a desempeñar o seu posto de auxiliar administartiva do Servizo de electromecanicos ao longo do ano 2008.

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

18(859).- ABONO DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á XEFA DE NEGOCIADO D^a TERESA GONZÁLEZ CARRASCO. EXPTE. 18731/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 30.12.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Recoñecer a xefe do negociado de nominas D^a Teresa González Carrasco, con numero de persoal 6971, un complemento de produtividade por importe de 1.800,00€, polo

especial interés, adicación e iniciativa con que estivo a desempeñar o seu posto como Xefe de Negociado de Nóminas, na Tesourería Municipal ao longo do ano 2008.

Dese traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

19(860).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A D^a BEATRIZ BARBARÁ RODRÍGUEZ, POR ENCOMENDA DE FUNCIONS CONTIDAS EN RESOLUCIÓNS DE DATAS 21 DE ABRIL E 24 DE SETEMBRO DE 2008. EXPTE. 18720/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 26.12.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer á técnica de admon xeral adscrita ao Servizo de Patrimonio D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, nº de persoal 79572, un complemento de produtividade por importe de 2.141,13€, importe calculado en función do importe mensual do complemento de destino 26 correspondente ao posto cód. 77“Xefe/a do Servizo da OMIC”, ponderado segundo as funcións encomendadas por resolucións do Concelleiro-delegado de Xestión Municipal de data 21 de abril e 24 de setembro de 2008, que obran no expediente, polo período comprendido entre o 21 de abril ao 27 de outubro de 2008, data na que rematou a encomenda de funcións de referencia, ao ser nomeada Xefa do Servizo da OMIC, por resolución de data 27 de outubro de 2008, en comisión de servizos D^a Sonia Lorenzo Santos.

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

20(861).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE Á FUNCIONARIA D^a MARÍA LUZ PALMÁS CALVAR. EXPTE. 18637/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.09, e de acordo co informe-proposta do Servizo de Recursos Humanos, do 4.12.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer a oficial de servizos internos D^a M Luz Palmas Calvar, un complemento de produtividade por importe de 777,45 €, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto de Oficial de Servizos Internos e as establecidas para o posto de xefe de negociado, acordando proceder ao aboamento do mesmo.

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

21(862).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA INTERINA COMO ENXEÑEIRA TÉCNICA INDUSTRIAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, PARA O SERVIZO DE MOBILIDADE. EXPTE. 19093/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, do 15.06.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear a D^a. CARMEN VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ, D.N.I. 76.617.377-F, funcionaria interina por acumulación de tarefas como enxeñeira-técnica industrial, ao abeiro do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, por ser a aspirante que superou tódolos exercicios da oposición e obtivo a máxima puntuación no proceso selectivo cun total de 15,17 puntos.

22(863).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a M^a GABRIELA ROMERO BANDEIRA CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27 DE MARZO DE 2009, SOBRE RECOÑECIMENTO DE GRAO PERSOAL. EXPTE. 19107/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.06.09, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 05/05/2009 (nº de rexistro de entrada 90064930) a funcionaria de carreira D^a M^a Gabriela Romero Bandeira, con nº de persoal 15.013 e DNI 36.035.364-E, administrativa de administración xeral do Concello, solicita a aplicación con carácter retroactivo da consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 20 dende o 31 de outubro de 2007, así como a aplicación dos seus efectos na súa nómina.

2.- Consultado o expediente persoal da interesada, con data 27 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local acordou proceder ao recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 20, motivado no desenvolvemento durante máis de dous anos do posto de traballo denominado “Xefe/a de negociado do Gabinete da Alcaldía” (posto código 209).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O recurso de reposición presentado reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 116 e 117 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999; en consecuencia, cómpre admitilo a trámite e proceder á súa resolución.

II.- En primeiro lugar, detéctase un erro de conceptualización na alegación formulada pola recorrente, en canto que manifesta que “se trata de una retribución básica dispuesta en el artículo 23 del EBEP” (parágrafo 4º do texto do recurso).

As retribucións básicas, como o seu nome indica, configuran o núcleo mínimo da dotación económica asignada a cada empregado/a público, retribuíndo a praza de ingreso de cada efectivo; segundo establece o artigo 28 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009 (BOE nº 309, do mércores 24 de decembro do 2008) están integradas polo soldo base e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo ao que pertenza o funcionario, dacordo caoas contías reflectidas no artigo 22.Seis da mesma norma, referidas a 12 mensualidades (apartado Un, A) así como polas pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, devengándose dacordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro.

Adicionalmente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, conceptúa no seu artigo 2 as retribucións básicas (conformadas por soldo, trienios e pagas extraordinarias), non integrando este concepto o complemento de destino, que constitúe unha retribución complementaria propia do posto de traballo ao cal os distintos efectivos estamos adscritos, e susceptible de consolidación -e conseguinte retribución posterior- como parte da carreira administrativa dos funcionarios públicos.

Para o que poda ser de interese, e en relación coa afirmación transcrita anteriormente, lémbrese que á data hoxe o Capítulo III do Título III da Lei 7/2007, do 12 de abril, non está en vigor –a excepción do apartado 2 do artigo 25, alegado pola recorrente e que non figura invocado no acordo da Xunta de Goberno Local obxecto de recurso, referido ao recoñecemento da antiguidade dos funcionarios internos, que non é o caso- e non o estará ata que se proceda polo lexislador á elaboración e aprobación da correspondente normativa de desenvolvemento, consonte recolle a Disposición Final 4ª da propia Lei.

Polo tanto, non cabe a invocación ou alegación de presunta inaplicación do artigo 23 do EBEP, norma carente de vigor e conseguintemente, de eficacia xurídica.

III.- En canto á pretensión de eficacia retroactiva dos actos administrativos, debe salientarse que, segundo contempla o artigo 57 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, os actos administrativos suxeitos ao Dereito Administrativo presumiranse válidos e producirán efectos dende a data en que se dicten, salvo que neles se dispoña outra cousa.

O apartado 3 do mesmo artigo contempla un suposto de excepcionalidade de aplicación improcedente no presente suposto, dado que nin se dicta en substitución dun acto anulado, nin concorren os supostos de feito necesarios existentes á data á cal se retrotraía a eficacia do acto (como sería a existencia de solicitude de recoñecemento por parte da interesada no momento procedimental oportuno, suposto no cal sí nos atoparíamos no caso de erro material, aritmético ou de feito consignado no artigo 105.2 da mesma Lei 30/1992).

A doutrina dos actos propios, amplamente consagrada pola xurisprudencia do Tribunal Supremo conleva un relevante exercicio de coherencia, por canto que se concreta en que ninguén pode ir en contra dos seus propios actos, incluída a Administración Pública, o cal en xusta reciprocidade, debe ser exisido aos reclamantes e administrados en xeral.

Non se alcanza a comprender por qué no momento no cal se procedeu ao cambio de adscripción da reclamante ao posto de traballo de administrativo de admón. Xeral na Asesoría Xurídica Municipal (Decreto do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 30/10/2007, notificado á interesada o 31/10/2007 segundo consta no seu expediente persoal) non se procedeu nese preciso momento pola mesma á inmediata solicitude de recoñecemento do grao persoal, aos efectos de non dilatar a percepción do seu cobro.

Reclamado pola propia recorrente 2 anos despois (escrito presentado no rexistro xeral o 05/03/2009, tramitado en expediente administrativo nº 18.889/220) e recoñecido en acordo de data 27/05/2009, non resulta demasiado coherente solicitar a aplicación retroactiva do dereito recoñecido, dilatado no tempo en canto á súa materialización por causa exclusivamente imputable á propia recorrente, nin moito menos invocar a presunta comisión dun erro que non é tal.

IV.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto en escrito de data 5 de maio do 2009 pola funcionaria municipal D^a M^a Gabriela Romero Bandeira, con nº de persoal 15.013, contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 27 de marzo de 2009, sobre recoñecemento de grao persoal consolidado, en atención aos fundamentos xurídicos expresados.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo a interesada aos efectos oportunos, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer unicamente recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(864).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE CONCESIÓN DE PERMISO DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO A D^a M^a JESÚS TABOADA PARDO. EXPTE. 19094/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 3.06.09, dáse conta da resolución adoptada polo alcalde presidente, de conformidade coa proposta contida en dito informe, que di:

Primeiro.- Outorgar á funcionaria D^a M^a Jesús Taboada Pardo, con número de persoal 9604, programadora de informática, adscrita ao Servizo de Administración Electrónica, o permiso de carácter extraordinario recollido no artigo 16.8 do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, motivado no tratamento médico que está a seguir, autorizándolle a incorporarse ao seu posto ás 9:30 horas durante o tempo que se manteña a excepcionalidade da situación que padece.

O permiso durará tres meses, debendo acreditarse mediante a presentación do correspondente informe médico sobre a evolución clínica da afectada, sinalando a obriga de comunicar ao Servizo de Recursos Humanos a cesación das mesmas ou calquera milloría da súa sintomatoloxía que poidera dar lugar a incorporación paulatina da funcionaria ao seu posto de traballo en réxime de xornada completa.

Segundo.- Dar conta da presente resolución á interesada, Xefatura do Servizo de Administración Electrónica Ambiente, Servizo de Recursos Humanos, así como ao Comité de Persoal do Concello aos efectos que procedan.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(865).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE AUTORIZACIÓN RETRIBUÍDO DE 15 DÍAS NATURAIS POR ASUNTOS PERSONAIS A D^a CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 19021/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión, do 15.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 13 de maio de 2009, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 90070648), D^a Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, adscrita a dito Servizo, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado do seu pai, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 15 días naturais

O art. 76.1.k), do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais.. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta informe clínico do estado do seu pai así como de que non será completamente independente para as actividades da vida diaria nun prazo estimado de entre 4 e 8 semanas a partir da data da intervención, polo que necesitará apoio socio-familiar durante a etapa de recuperación.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a Cristina Gómez García, nº de persoal 78121, xefa do Servizo de Igualdade, adscrita a dito Servizo, un permiso retribuído de 15 días naturais, a partir do día 15 de maio de 2009, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.”

Con data 15.05.09 o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

25(866).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE AUTORIZACIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO DE 15 DÍAS NATURAIS POR ASUNTOS PERSONAIS A D^a M^a ANGELES GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 19067/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión, do 29.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 28 de maio de 2009, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 90080034), D^a M^a Angeles Gómez García, Diplomada en Traballo Social, adscrita ao Servizo de Benestar Social, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado do seu pai, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 15 días naturais

O art. 76.1.k), do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi

grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais.. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta informe clínico do estado do seu pai así como de que non será completamente independente para as actividades da vida diaria nun prazo estimado de entre 4 e 8 semanas a partir da data da intervención, polo que necesitará apoio socio-familiar durante a etapa de recuperación.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a M^a Angeles Gómez García, n^o de persoal 79143, Diplomado en Traballo Social, adscrita ao Servizo de Benestar Social, un permiso retribuído de 15 días naturais, a partir do día 1 de xuño de 2009, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.”

Con data 29.05.09 o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

26(867).- DAR CONTA RESOLUCIÓN SOBRE AUTORIZACIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO DE 30 DÍAS POR ASUNTOS PERSONAISA D^a M^a ELVIRA GONZÁLEZ GALLEGO. EXPTE. 19058/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Xestión, do 29.05.09, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

Con data 27 de maio de 2009, a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 90079577), D^a M^a Elvira González Gallego, xefa de negociado da oficina de Estatística, adscrita a dito servizo, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado do seu cónxuxe, atendendo o previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais

O art. 76.1.k) , do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o per-

soal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais.. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

A interesada aporta informe clínico do estado do seu conxuxe así como da necesidade de axuda doutra persoa para os seus desprazamentos e outras actividades da vida diaria.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a M^a Elvira González Gallego, n^o de persoal 12776, xefa de negociado da oficina de Estatística, adscrita a dito servizo, un permiso retribuído de 30 días naturais, a partir do día 5 de xuño ao 4 de xullo de 2009, para o coidado do seu conxuxe, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Con data 29.05.09 o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

27(868).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDADO DA FUNCIONARIA D^a REYES VILLAMOR ALVAREZ. EXPTE. 19096/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 16.06.09, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 01 de xuño de 2009 (expte. 19096/220), D^a Reyes Villamor Alvarez, NIF 36.036.280-H, e núm. persoal 15711, Auxiliar Administrativa adscrita á oficina de Actividades da Xerencia Municipal de Urbanismo, solicita permiso non retribuído, por asuntos persoais, dun mes (do 1 ao 31 de agosto de 2009).

En relación con dita solicitude emítense o seguinte informe:

O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, sempre que as necesidades do servizo quedan dabidamente cubertas, segundo se desprende do conforme do xefe do servizo e da Xerente de Urbanismo obrante na solicitude da interesada.

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a REYES VILLAMOR ALVAREZ, NIF 36.036.280-H, e núm. persoal 15711, auxiliar administrativa adscrita á oficina de Actividades da Xerencia Municipal de Urbanismo, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2009, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(869).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDO DA FUNCIONARIA D^a CARMEN MARÍA SANZ ALONSO. EXPTE. 19073/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 10.06.09, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 27 de maio de 2009 (expte. 19073/220), D^a Carmen María Sanz Alonso, NIF 36.063.965-B, e núm. persoal 22125, auxiliar de administración xeral adscrita ó Departamento de Mobilidade, Transporte e Seguridade, solicita permiso non retribuído, por asuntos persoais, dun mes (do 1 ao 31 de agosto de 2009, ámbolos dous incluídos).

En relación con dita solicitude emítase o seguinte informe:

O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, sempre que as necesidades do servizo quedan dabidamente cubertas; extremo que consta no informe do Servizo, de data 8 de xuño actual.

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a CARMEN MARÍA SANZ ALONSO, NIF 36.063.965-B e núm. persoal 22125, auxiliar de administración xeral asdcrita ó Departamento de Mobilidade, Transporte e Seguridade, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 1 e o 31 de agosto de 2009 -ámbolos dous incluídos-, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(870).- SOLICITUDE DE PERMISO SEN SOLDO DE D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA. EXPTE. 19087/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 12.06.09, que di o seguinte:

A medio de escrito de data 10 de xuño de 2009 (expte. 19087/220), D. Enrique Cuquejo Taboada, NIF 34.584.396-D, e núm. persoal 13103, Técnico de Analise e Medio Ambiente adscrito ó Laboratorio Municipal, solicita permiso non retribuído, por asuntos persoais, dun mes (do 1 ao 31 de xullo de 2009).

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

O vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo” contempla no seu artigo 17 c) a posibilidade de solicitar permiso non retribuído por asuntos persoais ata un máximo de 6 meses cada 5 anos ou de 12 meses cada 10 anos, estando o funcionario solicitante en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social durante o seu disfrute e computando o tempo de duración do mesmo a efectos de antigüidade. Non computará o tempo a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

Por parte deste Servizo de Recursos Humanos non se observan impedimentos ao outorgamento do referido permiso, sempre que as necesidades do servizo quedan dabidamente cubertas, segundo se desprende da sinatura da Directora do Laboratorio Municipal obrante na solicitude do interesado.

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D. ENRIQUE CUQUEJO TABOADA, NIF 34.584.396-D, e núm. persoal 13103, Técnico de Analise e Medio Ambiente adscrito ó Laboratorio Municipal, un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 1 e o 31 de xullo de 2009, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos personais e pagas extraordinarias.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(871).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA PENICHE ESCALINATA. EXPTE. 71353/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 5.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 24 de agosto de 2005 por CONSTRUCCIONES CASAS NOVAS con NIF B-36026771, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PENICHE ESCALINATA, por non producirse danos.

31(872).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A CONSTRUCCIONES CEREIXO S.L. CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA VAZQUEZ VARELA. EXPTE. 71339/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 8.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de agosto de 2005 por CONSTRUCCIONES CEREIXO, S.L, con NIF B-36430882, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa VAZQUEZ VARELA, por non producirse danos.

32(873).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROM. URBANAS LAXAS CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA RONDA DE DON BOSCO. EXPTE. 71345/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 8.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 05 de agosto de 2005 por PROM. URBANAS LAXAS, con NIF B-36886083, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa RONDA DE DON BOSCO, por non producirse danos.

33(874).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROM. CASADEVALL Y SALGADO CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA TAOBADA LEAL. EXPTE. 71029/210.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 8.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 10 de xuño de 2005 por PROM. CASADEVALL Y SALGADO, con NIF B-36808046, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa TABOADA LEAL, 10, por non producirse danos.

34(875).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A JOSÉ MANUEL REY SAA POR OBRAS NA PRAZA COMPOSTELA 22. EXPTE. 58925/250.

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.08, conformado pola concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 17/03/2009 autorizouse a JOSÉ MANUEL REY SAA. a ocupación da vía pública cun valo de obra con número de expediente 58145/250, cunha ocupación de 18 m² na rúa Compostela, 22 para rehabilitación da fachada do inmoble con licenza 63923/421, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200900014270 de data 17/03/2009.

Solicitada a devolución da fianza con data 18/05/2009 e número de documento 90074231 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 15/06/2008, indícase que valo de obra foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de JOSÉ MANUEL REY SAA

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de JOSÉ MANUEL REY SAA.

35(876).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DO ALUMEDO PÚBLICO EN BARRIOS E PARROQUIAS”. EXPTE. 12842/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 26.05.09, o documento contable RC acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico e a concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-la Memoria Técnica para a execución das obras de “ Mellora do alumeadado público en barrios e parroquias ” redactado polo servizo de Electro - Mecánicos con un importe base de licitación de con IVE de : 199.998,84 €

2º.- Aproba-los pregos de prescricións técnicas e de condicións administrativas particulares elaborados pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento negociado sen publicidade das obras do proxecto indicado no punto anterior .

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación das obras de “ Mellora do alumeadado público en barrios e parroquias ” con cargo a partida orzamentaria e importe seguintes :

Importe total con IVE: 199.998,84 €

Prezo sin IVE = 172.412,80 €

IVE soportado pola administración = 27.586,04 €

Partida orzamentaria : 4326.611.00.07

4º.- Abri-lo procedemento de negociación sin publicidade, invitando alomenos a tres empresas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente outorgándolle un prazo de 10 días ás empresas invitadas a participar na negociación para a presentación das súas ofertas

5º.- Designar como responsable do contrato ao Xefe do Servizo de Electromecánicos D. Álvaro Crespo Casas

36(877).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA A SUBSTITUCIÓN DO DETERIORADO NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12841/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 5.06.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico e a concelleira delegada de dita Área, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo prego de prescricións técnicas para o contrato de subministro de material eléctrico para a substitución do deteriorado no Concello de Vigo, redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Electro - Mecánicos con data 5 de febreiro de 2009

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado polo Xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais - Vías e Obras con data 24 de marzo de 2009 para o subministro de material eléctrico para a substitución do deteriorado no Concello de Vigo.

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación de material eléctrico para substitución do deteriorado, para o Concello de Vigo, cargo á partida 4324.213.0001 do presuposto 2009 por un importe total de 140.168,60 €, o que supón un importe sin IVE de :120.835,00 € e un IVE a soportar pola Administración de 19.333,60 €, e co seguinte desglose segundo os lotes :

Lote 1: Luminarias :

Presuposto total con IVE= 86.570,80 €

Importe sin IVE = 74.630,00 €

IVE a soportar pola administración = 11.940,80 €

Lote 2: Soportes :

Presuposto total con IVE= 27.323,80 €

Importe sin IVE = 23.555,00 €

IVE a soportar pola Administración = 3.768,80 €

Lote 3: Conductores :

Presuposto total con IVE= 26.274,00 €

Importe sin IVE = 22.650,00 €

IVE a soportar pola Administración = 3.624,00 €

4º.- Convoca-lo procedemento aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

37(878).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA MÁQUINA “PALA CARGADORA” PARA O PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6641/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 9.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, conformado polo asesor xurídico e a concelleira delegada de dita Área e polo interventor xeral acctal., a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-las bases técnicas para o contrato de subministro dunha máquina “pala cargadora” para o Parque Móbil do Concello de Vigo redactado polo Enxeñeiro Técnico xefe do Servicio.

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado polo Xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais- Vías e Obras con data abril/ 2009 para a contratación

por procedemento negociado con publicidade sin límites da subministración da máquina minipala.

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación do subministro da máquina minipala para o Parque Móbil do Concello de Vigo con cargo á partida 1212.624.0000 do presuposto 2009 polo importe de:

Presuposto total con IVE= 87.800,00 €
Importe sin IVE = 75.689,65 €
IVE a soportar pola administración = 12.110,35 €

4º.- Abri-lo procedemento de negociación, sen límite de contratistas, para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

38(879).- PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO Nº 11-PERI IV-04 CALVARIO (APR A-4-09 CALVARIO-6). APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4623/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 11.06.09, conformado polo director adxunto dos Servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo e polo director da Oficina de Planeamento-Xestión, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 20.03.2006, adoptou o seguinte acordo:

«1. Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización elaborado polos arquitectos don Salvador Fraga Rivas, don Fco. Javier García-Quijada Romero e don Manuel Portolés Sanjuán (visado COAG de 18.07.05).

2. Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións».

I.2. O anterior acordo foi publicado no BOP nº 88, do 09.05.2006 e na prensa local («Faro de Vigo») do 28.04.2006 e tamén notificado ós interesados, persoalmente ou por editos (BOP nº 149, do 04.08.2008). Durante o prazo concedido para o efecto e segundo certificación expedida polo secretario da XMU o 12.09.2006, presentáronse un total de tres (3) alegacións por parte de D. José Fernández Rodríguez, D. Eduardo Leclere Domínguez e Dª Victoria García Hervello, respectivamente, que serán obxecto de resposta neste informe.

I.3. Remitidas á entidade colaboradora da Administración para a xestión deste Polígono (“Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L.”), en data 03.11.2008 o representante desta, D. José Antonio López Domínguez, presentou no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 60114611) un informe propoñendo a súa desestimación e solicitando que se continúe e finalice a tramitación do procedemento.

I.4. O Director adxunto dos Servizos técnicos da XMU puxo de manifesto, en informe do 20.02.2009, a necesidade de que pola entidade colaboradora se presentase un documento actualizado do proxecto de urbanización inicialmente aprobado, tendo en conta – entre outras circunstancias- o tempo transcorrido e a aprobación definitiva (parcial) do PXOM de 2008.

Ese documento actualizado, redactado polos arquitectos Sres. Fraga Rivas, García-Quijada Romero e Portolés Sanjuán, con visado colexial do 05.03.2009, foi entregado o 09.03.2009 no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90032855). O presuposto de execución por contrata ascende á cantidade de 422.691,61 €.

I.5. Remitido ó órgano competente da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia para os efectos do disposto no Art. 16 do RDLex.1/2008, o 27.05.2009 tivo entrada no Rexistro da XMU (Doc. nº 90079617) a Resolución do 30.04.2009 da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación ambiental, pola que se adoptou a decisión de non someter a avaliación de impacto ambiental este proxecto de urbanización.

I.6. En informe do Director adxunto dos Servizos técnicos da XMU do 29.05.2009, dáse conta do proxecto de urbanización actualizado e do trámite de avaliación ambiental seguido, ratificándose no seu anterior informe do 10.03.2006.

I.7. Enviado o 29.05.2008 o expediente de referencia ó Técnico de Admón. Xeral que subscribe, emítese o seguinte informe-proposta.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.*
- *L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).*
- *LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).*
- *RD.817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP*
- *L.8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia.*
- *D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*

- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008).
- PERI do Calvario, con aprobación definitiva do MOPU do 09.03.1979 (BOE 25.04.1979).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Tramítase este procedemento ó abeiro do disposto, especificamente, no Art. 110.4 da LOUGA para a aprobación dos proxectos de urbanización. Así pois, unha vez aprobado inicialmente e sometido ó trámite de información pública procede, antes de aprobalo definitivamente, examinar o contido das alegacións presentadas e resolvelas, propoñendo a súa estimación ou desestimación.

En relación coas mesmas cómpre informar o seguinte:

- ALEGACIÓN Nº 1 [Rex. XMU 02.06.2006]; Doc. nº 60060910]
D. José Fernández Rodríguez (DNI 35.498.633-L)
PROPOSTA: Desestimatoria.

Trátase, en realidade, dunha alegación allea á natureza e contido propio deste proxecto de urbanización, limitado a cuantificar e pormenorizar as unidades de obra necesarias para levar a cabo as determinacións do planeamento que se executa.

O alegante reproduce neste trámite a formulada no seu día ó proxecto de reparcelación (Exp. nº 4624/401), na que se manifestaba disconforme coa categorización da súa parcela (parcela orixinal nº 12 – R/S. Roque nº 124) como solo urbano non consolidado (SUNC); alegación que foi daquela expresamente rexeitada por acordo da XGL do 07.10.2008, como tamén o foi o recurso potestativo de reposición deducido contra él pola propiedade o 11.12.2008 (Doc. nº 80158870; Acordo XGL do 23.03.2009) e como o será agora a alegación presentada nesta instancia, que deberemos desestimar asumindo os argumentos xa reiterados polos servizos xurídicos desta XMU, que incidían no feito de que a consideración como SUNC do predio en cuestión era unha determinación que correspondía en exclusiva ó planeamento (modificación puntual do PERI IV - 04; Pleno do 12.09.2005; Exp. nº 7088/411), que non foi obxecto de recurso ningún por parte do alegante, polo que resultou firme e consentida.

Nin o proxecto de equidistribución nin o de urbanización poden, en ningún caso, alterar a clasificación e categorización deses terreos nin modificar a delimitación aprobada co planeamento de detalle conforme co Art. 123.1 da LOUGA (Arts. 110.2 LOUGA, 68 RPU e 4.3.2.2 NNUU PXOM).

Por outra banda, non resultaría aplicable o disposto no Art. 123.4 do mesmo texto legal, que permite, en determinadas circunstancias e seguindo o procedemento establecido no Art. 117 da LOUGA, o reaxuste de polígonos, pero que non autoriza a modificación da delimitación do propio PERI, agora asumida como propia polo PXOM (Vid. Apdo. 8 Ficha APR A-4-09 Calvario – 6, p.76 BOP: “Obxectivos de planeamento e criterios de ordenación”).

- ALEGACIÓN Nº 2 [Rex. XMU 08.06.2006]; Doc. nº 60064190]
D. Eduardo Leclere Domínguez (DNI 00.28776-A)
PROPOSTA: Desestimatoria.

O interesado limita o contido da súa alegación a ratificarse na presentada o 10.03.2006 no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 60025747) ó acordo de aprobación inicial do proxecto de reparcelación do Polígono nº 11 do PERI IV – 04 do Calvario (XGL do 26.12.2005; Exp. nº 4624/401); alegación, posteriormente reiterada en escrito do 26.12.2006, na que tentaba xustificar un incremento do importe da indemnización correspondente en concepto de extinción do arrendamento existente na vivenda situada na rúa Gregorio Espino nº 20 – 3º e que foi parcialmente estimada no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes.

Trátase, pois, dunha alegación completamente allea ó procedemento de aprobación do proxecto de urbanización que se substancia neste expediente e que, en consecuencia, debe ser tamén expresamente desestimada.

● ALEGACIÓN Nº 3 [Rex. XMU 09.06.2006]; Doc. nº 60063942]
Dª. Victoria García Hervello (DNI 35.866.621-F)
PROPOSTA: Desestimatoria.

Manifesta a alegante a súa disconformidade co acordo de aprobación inicial do proxecto de urbanización, por entender que se vulnerou o réxime transitorio da LOUGA para o SUNC e por terse procedido a aprobación inicial con anterioridade á aprobación definitiva do proxecto de reparcelación.

Ningunha das dúas obxeccións poden ser acollidas:

A primeira, por non referirse propiamente ó proxecto de urbanización senón ó expediente reparcelatorio (Exp. nº 4624/401), no que oportunamente se xustificou a necesidade de que se aprobase definitivamente e entrase en vigor o novo PXOM de Vigo como condición para continuar coa tramitación do instrumento de equidistribución; o que así sucedeu, efectivamente, mediante a Orde da Conselleira de Política territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008), de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo e a publicación íntegra da súa normativa no BOP do 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento).

Como dixemos antes, o PXOM actual asumiu expresamente a anterior ordenación do PERI IV – 04 para este ámbito, declarando que: “(...) A ordenación deste ámbito remítese ao documento de modificación do polígono nº 11, con aprobación definitiva do 20 de Outubro de 2005, integramente asumido polo Plan Xeral...” (Apdo. 8 Ficha APR A-4-09 Calvario – 6, p.76 BOP: “Obxetivos de planeamento e criterios de ordenación”); razón pola que, aprobado definitivamente e en vigor o novo PXOM, ningún obstáculo existía xa para a aprobación definitiva do expediente reparcelatorio, producida por acordo da XGL do 07.10.2008.

A segunda, porque, como reconece a propia alegante, é perfectamente posible a tramitación simultánea dos proxectos de urbanización e equidistribución e porque, en todo caso, a aprobación definitiva deste último (XGL 07.10.2008) precederá no tempo á do proxecto de urbanización, que aquí se propón, cumpríndose así o previsto no Art. 20.1.d] da LOUGA.

III.2. Xustificouse neste expediente o cumprimento do disposto na normativa urbanística para a aprobación dos proxectos de urbanización e no RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei de Avaliación do Impacto Ambiental de proxectos, que menciona como susceptibles de seren sometidos á tramitación de AIA os proxectos de urbanización (Art. 3.2.a] e Anexo II – Grupo 7.b).

Acreditouse tamén, segundo os informes técnicos que constan no expediente, o cumprimento das NNUU do Plan Xeral, do disposto nos Arts. 67-70 do RPU e na normativa autonómica de accesibilidade: L.8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia e D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.

III.3. O documento actualizado do proxecto de urbanización non introduce ningunha variación substancial a respecto do aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 20.03.2009, o que faría innecesario, legalmente, a apertura dun novo trámite de información pública. A variación experimentada no seu presuposto inicial xustifícase na necesaria actualización e revisión dos prezos considerados no documento aprobado hai tres anos.

De feito, só o IPC aplicable ó periodo considerado (marzo 2006 – maio 2009) suporía un incremento de prezos do 8%, que acadaría o 12,2% de aplicar o índice específico previsto para o sector vivenda.

III.4. Tocante ó réxime de contratación das obras de urbanización, consonte co disposto no Art. 133 da LOUGA, realizarase sempre con suxeición ós principios de publicidade e concorrência. Cando, como no caso presente e dado que se actúa mediante o sistema de cooperación, o organismo contratante é a propia Administración (Art. 134.1 LOUGA), terán que respectarse, ademais, as prescricións da lexislación de contratos do Sector público (L.30/2007, do 30 de outubro e normativa de desenvolvemento: RD.817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da LCSP).

III.5. É competente para aprobar definitivamente este proxecto de urbanización a Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no Art. 127.1.d) da LRBRL.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 110.4 da LOUGA, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, as alegacións presentadas durante o periodo de información pública do Exp. nº 4623/401 por D. José Fernández Rodríguez, D. Eduardo Leclere Domínguez e Dª Victoria García Hervello contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 20.03.2009.

SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de urbanización do Polígono nº 11 do PERI IV – 04 do Calvario (APR A-4-09 Calvario – 6 do PXOM 2008), segundo o documento actualizado presentado o 09.03.2009 pola mercantil “Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L.”, redactado polos arquitectos Sres. Fraga Rivas, García-Quijada Romero e Portolés Sanjuán, con visado colexial do 05.03.2009.

TERCEIRO: Notificar o contido íntegro deste acordo a todos os interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ó da preceptiva notificación.

CUARTO: Dease conta tamén do presente acordo á Oficina de Servizos centrais da Xerencia de Urbanismo, ós Servizos municipais de Tráfico, OSPIO, Electromecánicos e Montes, Parques e Xardíns e tamén ás em-

presas "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "Aqualia, S.A." e "Gas Galicia S.A."».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

39(880).- PROXECTO DE OBRAS ORDINARIAS-MURO AUXILIAR POLÍGONO 4 PERI IV-01 SAN ROQUE-A. DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN. EXPTE. 4892/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 8.06.09, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 16.02.2009, adoptou o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Aprobar, de conformidade cos informes obrantes no expediente, o proxecto de obra ordinaria de muro auxiliar da urbanización da Finca Pizarro, na área de reparto 2 do PERI IV-SAN ROQUE, promovido polas empresas VALLEHERMOSO DIVISIÓN PROMOCIÓN, SA, INVOGA, SA e VIQUEIRA INMUEBLES, SA, elaborado polo enxeñeiro de camiños canais e portos don Alberto Moreno García, con data de visado colexial do 7/05/08.

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo á Oficina técnica de Licenzas de obra, aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos interesados no expediente, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo máximo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous contados a partir da recepción da notificación do presente acordo».

I.2. Notificado este Acordo ós interesados, en data 17.03.2009 D. Francisco Gómez Mosquera presentou no Rexistro Xeral da XMU (Doc. nº 90037856), en representación da mercantil "Invoga, S.A.", recurso potestativo de reposición contra o mesmo, solicitando que se entenda que a súa representada non está obrigada ó pagamento da execución do muro en cuestión, con base nos razonamentos que nel se conteñen.

I.3. Conferido trámite de audiencia ós demais interesados ("Vallehermoso División Promoción, S.A.U." e "Viqueira Inmuebles, S.A."), durante o prazo sinalado para o efecto, o representante de "Vallehermoso División Promoción, S.A.U." presentou o 16.04.2009 (Doc. nº 90054928) un escrito de alegacións no que solicita, de contrario, que se entenda que "Invoga, S.A." está obrigada a contribuir, na proporción que lle corresponde, ó pagamento das obras do muro.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.*
- *L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *RBEL (RD.1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades locais).*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008).*

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma por persoa directamente interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Arts. 107, 116 e concordantes da LRX-PAC).

III.2. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para dictar e notificar a resolución do recurso de reposición era de un (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, debería entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo.

III.3. Con todo, tendo en conta a obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC), procede entrar a coñecer o recurso; recurso que deberemos desestimar con base nos seguintes argumentos:

- a) O acordo adoptado pola XGL na súa sesión do 16.02.2009, de aprobación do “Proxecto de obra ordinaria de muro auxiliar no Polígono 4 PE(P)RI IV-01 SAN ROQUE – A” xustificouse técnicaamente na necesidade de compatibilizar a execución das obras iniciadas nas parcelas destinadas á construción de vivendas colectivas e as da zona verde previstas coas aínda non comezadas na parcela destinada a usos comerciais (Informe do Adxunto ó Director dos Servizos técnicos da XMU, do 16.06.2008).*

O escrito de recurso non cuestiona nin esta xustificación técnica nin a idoneidade da solución proxectada, consistente na execución dun muro provisional de mampostería, das características indicadas no proxecto, que se construíría de xeito que puidese suprimirse no que non resultase compatible coas obras definitivas

por executar ó abeiro do proxecto de urbanización aprobado por acordo da XGL do 15.05.2006 (Exp. nº 4553/401), unha vez desaparecidas as razóns que, no momento de aprobarse o proxecto de obras ordinarias, o facían imprescindible. Trátase, pois, dunha obra auxiliar, necesaria e idónea para lograr a correcta execución temporal das obras de urbanización aprobadas para o ámbito do Polígono 4 do PERI IV-01 S. ROQUE – A (API-68 PXOM 2008).

- b) A diferenza dos proxectos de urbanización, que son proxectos de obras que teñen por obxecto o desenvolvemento integral ou global de todas as determinacións do planeamento relativas á urbanización, tales como: viais, abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, alumeadado público, xardinería, etc. (Arts. 67.2 RPU e 4.3.2 PXOM; SSTS 06.07.1987, 02.11.1994, 21.03.1995); é dicir, dos servizos e dotacións establecidos no planeamento (Art. 110.1 LOUGA), os proxectos de obras ordinarias refírense unicamente, como no caso presente, a algún elemento ou aspecto concreto desa urbanización, polo que non sería necesario recorrer ó instrumento do proxecto de urbanización (STS 21.07.2003, Rec.1527/01).

Nótase polo demais que, con independencia do criterio cuantitativo que os diferencia (STS 30.10.1984), tanto uns como outros aparecen regulados no RPU no mesmo Capítulo VII do Título I (Arts. 67-70 RPU), baixo o epígrafe: “Dos Proxectos de Urbanización”. Así tamén o Art. 4.3.5 do vixente PXOM establece que se consideran “obras ordinarias da urbanización” todas aquelas non incluídas en proxectos de urbanización pero que polo seu contido esixen a elaboración dun proxecto técnico para as finalidades que se indican.

- c) Correctamente xustificada a procedencia de levar a cabo a obra de urbanización provisional descrita e a súa funcionalidade, que non é outra que posibilitar a axeitada execución do conxunto da urbanización mediante unha obra auxiliar que permitiría evitar a súa paralización, tendo en conta a topografía dos terreos e a forte dependencia das obras relativas á zona verde de cesión coas edificacións colindantes, resultaría intrascendente que –en contra do que consta na documentación do proxecto obxecto de recurso–, “Invoga, S.A.” teña ou non a condición de “promotora” dese proxecto de obras ordinarias. As tres mercantís (“Invoga, S.A.”, “Vallehermoso División Promoción, S.A.U.” e “Viqueira Inmuebles, S.A.”) están solidariamente obrigadas a executar a urbanización e, en consecuencia, a asumir o custo de todas as necesarias para acadar o bo fin do proxecto.
- d) Entende a recorrente que a solución óptima sería a concesión da licenza de obras solicitada por “Invoga, S.A.” e non a aprobación desa obra ordinaria, pero o certo é que, mediante Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 06.05.2009, autorizouse xa a “Invoga, S.A.” para construír o edificio previsto na parcela “PC” situada no Polígono nº 4 e incluída na Área de Reparto nº 2 do PERI, para centro comercial e aparcadorios (Exp. nº 60382/401) e concedeuse tamén, no mesmo acto, licenza municipal de actividade (Exp. nº 34078/422) para o centro comercial (no seu conxunto) con garaxe aparcadoiro de uso público e que, transcorrido algo máis dun mes desde esa data, non consta aínda o inicio das obras autorizadas e nin siquiera a presentación no Rexistro da XMU do correspondente proxecto de execución e documentación complementaria esixida (Proxecto ICT, Anexo de Control de Calidade, etc.), de acordo co Art. 19 – Anexo normativo do PXOM.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o re-

curso potestativo de reposición presentado por D. Francisco Gómez Mosquera, en representación da mercantil "Invoga, S.A.", contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 16.02.2009 polo que se aprobou o proxecto de obra ordinaria de muro auxiliar de urbanización da "Finca Pizarro", na Área de Reparto nº 2 do PERI IV – 01 S. Roque – A, redactado polo enxeñeiro de CC.CC.PP. D. Alberto Moreno García, con data de visado colexial do 07.05.2008 (Exp. nº 4892/401).

SEGUNDO: Notificar a todos os interesados este Acordo, con indicación de que contra a resolución do presente recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación desta Resolución».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(881).- RECEPCIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.A. POBO GALEGO. EXPTE. 4900/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 15.06.09, conformado polo director adxunto dos Servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, o director da oficina de Planeamento e Xestión e o director dos Servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 27.11.2006, adoptou o seguinte acordo:

4.«Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da unidade de actuación "Pobo Galego", elaborado polos arquitectos dona Guadalupe Piñeira Manso e don Jesús Irisarri Castro (visado o 3.11.05, 3.05.06 e 20.06.06). Desestimar a alegación presentada pola Delegación de Vigo do Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 6.10.06.

5.Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.

6.Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de pro-

xectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."».

I.2. Posteriormente, en data 19.11.2008 asinou un convenio administrativo de xestión urbanística entre o Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo e o COAG que tiña por obxecto a definición e concreción dos deberes de urbanización do polígono único "Pobo Galego" e o seu contorno (Exp. nº 4799/401).

Así, de conformidade co estipulado na súa cláusula segunda, o COAG asumiu a obriga de urbanizar o contorno da UA "Pobo Galego", cos límites propostos das rúas Dr. Cadaval, Perú, Lugo e Príncipe, para o que se comprometía a redactar o correspondente proxecto técnico de obras que, coa denominación de "Proxecto de humanización do entorno da UE Pobo Galego", foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 02.12.2008 (Exp. nº 4809/401), como complementario do proxecto de urbanización aprobado en 2006 (Exp. nº 4630/401).

I.3. O COAG, representado neste trámite polo arquitecto D. Carlos Rodríguez de la Torre, presentou o 03.03.2009 no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90030299) solicitude de recepción definitiva das obras correspondentes ó proxecto de "Urbanización plaza (COAG) y humanización del entorno de la plaza del Pueblo Gallego", redactado pola arquitecta Sra. Piñera Manso, con visado colexial do 02.03.2009.

I.4. Constan no expediente nº 4900/401 os seguintes informes favorables:

- a) De "Unión Fenosa, S.A.", do 24.04.2009.
- b) De "Telefónica de España, S.A.", do 18.05.2009.
- c) De "Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A.", do 25.05.2009.
- d) De "R Cable y Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", do 27.05.2009.
- e) Do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 11.06.2009.
- f) Do Servizo de Electromecánicos, do 15.06.2009.

Constan tamén o certificado final de obra da urbanización da praza, asinado en data 07.05.2009 pola arquitecta redactora do proxecto e o arquitecto-técnico responsable da execución material das obras, con visado colexial do 08.05.2009, presentado no Rexistro xeral da XMU o 15.05.2009 (Doc. nº 90072957) e a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia de data 26.05.2009, pola que se decidiu dar por rematado o control arqueolóxico dos movementos de terra para a construción da sede da Subdelegación de Vigo do COAG.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- RDLex.1/2008, do 11 de xaneiro, Texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).
- RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. públicas.

- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP
- L.8/1997, do 20 de agosto, de Accesibilidade e supresión de barreiras na CA de Galicia.
- D.35/2000, do 28 de xaneiro, de desenvolvemento e execución da L.8/1997.
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Dispón o Art. 110.5 da LOUGA que a recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das Administracións públicas e que, para o caso de que a Admón. non resolva expresamente sobre a recepción das obras de urbanización no prazo de tres (3) meses, contado desde que se inste a recepción, abondará co ofrecemento formal de cesión das mesmas pola persoa responsable da execución, para os efectos de entendelas recibidas.

III.2. Na actualidade, o Art. 218 da LCSP preceptúa que á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato (se existise) ou un facultativo designado pola Admón. representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Se as obras se atopasen en bo estado e axustadas ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Admón. contratante e representante desta as dará por recibidas, redactándose a correspondente acta e comezando entón a contar o prazo de garantía que, en principio, non poderá ser inferior a un (1) ano.

Durante ese prazo de garantía, o propietario coidará da conservación e policía das obras. Se descoidase a conservación e dese lugar a que periguen as mesmas, executaranse pola Admón. e a custa do contratista os traballos precisos para evitar o dano (Art. 167 RX-TRLCAP). No suposto de vicios ocultos na obra, o prazo para esixir a responsabilidade será de 15 anos (Art. 219 LCSP).

III.3. Inclúense no expediente administrativo, como xa se dixo, os informes favorables das distintas compañías prestadoras dos diferentes servizos urbanísticos, así como dos departamentos municipais ós que se lles requiriu. Faise constar tamén con relación á solicitude de informe realizada á compañía "Gas Natural SDG, S.A.", que a mesma non realizou canalizacións na área de intervención, senón simplemente a acometida do edificio.

Consta tamén o informe do adxunto ó Director dos servizos técnicos da XMU do 15.06.2009 no que se indica que, desde o punto de vista urbanístico, non existiría inconveniente en acceder ó solicitado; é dicir, á recepción das obras de urbanización obxecto de informe.

III.4. A teor dos Arts. 110.6 da LOUGA e 68 do RXU e de acordo co establecido tanto no PXOU-93 (Apdo. 3.2.3.5.b], in fine) como no actual PXOM de 2008 (Art. 2.3.5) e ó resolto no acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización deste ámbito (XGL do 27.11.2006; Exp. nº 4630/401), a propiedade (COAG) deberá conservar os espazos e elementos vexetais previstos nel, coa limitación temporal contemplada no propio Art.

2.3.5 do PXOM, sen que, por tratarse dun único propietario, sexa preciso a constitución dunha Entidade Urbanística de Conservación.

III.5. É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no Art. 127 da LRBRL.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aceptar a recepción definitiva das obras incluídas no proxecto de “Urbanización plaza (COAG) y humanización del entorno de la plaza del Pueblo Gallego”, promovido polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e redactado pola arquitecta Sra. Piñera Manso, con visado colexial do 02.03.2009 (Exp. nº 4900/401). O COAG asumirá a conservación dos espacios e elementos vexetais existentes no ámbito de actuación nos termos establecidos no acordo de aprobación definitiva do proxecto de urbanización da UA “Pobo Gallego” e no Art. 2.3.5 do vixente PXOM.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación.

TERCEIRO: Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ó Servizo de Licenzas de obras da Xerencia de Urbanismo, ós Departamentos municipais de Vías e Obras, Electromecánicos, Patrimonio Histórico, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Estatística, así como á concesionaria "Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A." e ás compañías "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", "R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A." e "Gas Natural SDG, S.A."»
Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(882).- SOLICITUDE DE CESIÓN AO MINISTERIO DE FOMENTO DO VIAL ENTRE O CÑO. ARIEIRO E A ESTRADA VELLA DE MADRID. EXPTE. 58/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 11.06.09, conformado polo director director de Servizos técnicos, que di o seguinte:

O día 05.06.2009 o director adxunto dos servizos técnicos emitiu o seguinte informe:

“Con el objeto de proseguir en la tarea de normalizar el entramado municipal de la red viaria, actuando sobre puntos o tramos de discontinuidad al incidir la misma en viales cuya titularidad compete a otra Administración, se plantea en este momento la oportunidad de actuar sobre las dos márgenes de la actual A-55 (Autovía Vigo-Tuy), a la altura del P.K. 6 + 280.

Se trata en concreto de dar continuidad competencial, a la denominada Carretera Vella de Madrid hacia el camino Arieiro o acceso a la Residencia Sanitaria del Meixueiro.

La Carretera Vella de Madrid, cuyo mantenimiento y explotación corresponde al Concello de Vigo, en virtud del desarrollo del Convenio suscrito con la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas y Vivienda en el año 2000, y con independencia de las reclamaciones que ante la misma se mantienen tras las obras concluidas en Diciembre de 2004, se interrumpe en una glorieta que enlaza con vías de servicio de la citada A – 55, competencia del Ministerio de Fomento.

Esas vías de servicio conectan las dos márgenes de la autovía mediante un paso superior, el situado en el P.K. 6 + 280, donde incide el camino Arieiro o acceso a la Residencia Sanitaria del Meixueiro (ver plano adjunto).

*El reciente desarrollo del Plan Parcial Gandariña 2 – B, a propiciado que a esa vía de servicio, des-
emboque el viario interior del mismo, el cual será de titularidad municipal.*

La compleja situación de titularidades que se ha generado aconseja, tras las conversaciones mantenidas entre representantes municipales y de la Demarcaciones de Carreteras del Estado en Galicia (Unidad de Carreteras en Pontevedra), que el Concello de Vigo solicite al Ministerio de Fomento a través de aquella, la cesión del tramo señalado en el plano adjunto al amparo del ar. 40.2 de la Ley 25/1988, de 29 de Julio de Carreteras, al darse las condiciones señaladas en el Art. 127 del Real Decreto 1812/1994, de 2 de Septiembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Carreteras.

El tramo cuya cesión se solicita es mayoritariamente utilizado por tráfico urbano, acceso a la mencionada instalación sanitaria, residencias geriátricas situadas en sus inmediaciones, así como centros de educación, y en un futuro inmediato al polígono comercial que se desarrolla, y no interrumpe la continuidad en la Red de Carreteras del Estado”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Transferencia ao Concello de Vigo do tramo situado no P.K. 6 + 280 da A – 55 titularidade do Ministerio de Fomento.- De acordo co disposto no artigo 40.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de estradas: “Las carreteras estatales o tramos determinados de ellas se entregarán a los Ayuntamientos respectivos en el momento en que adquieran la condición de vías urbanas. El expediente se promoverá a instancia del Ayuntamiento o del Ministerio de Fomento, y será resuelto por el Consejo de Ministros. Excepcionalmente podrá resolverlo el titular del citado departamento cuando existiere acuerdo entre el órgano cedente y el cesionario”.

Segundo a orde de 23.07.2001, pola que se regula a entrega aos Concellos de tramos urbanos da Rede de Estradas do Estado, os Concellos poderán solicitar a transferencia da titularidade dun tramo de estrada que adquirira a condición de urbana, de acordo co establecido polo artigo 40.2 Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, e o artigo 127 do Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas. Na nomeada solicitude deberá constar o nome e o cargo da persoa facultada para firma da acta de entrega.

O artigo 127 apartado 2 do que Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas dispón que “a los efectos de este artículo, se considera que una carretera estatal o un tramo determinado de ella adquieren la condición de vía urbana si se cumplen las dos siguientes condiciones:

- a. Que el tráfico de la carretera sea mayoritariamente urbano.
- b. Que exista alternativa viaria que mantenga la continuidad de la Red de Carreteras del Estado, proporcionando un mejor nivel de servicio”.

No informe de data 05.06.2009 do director adxunto dos servizos técnicos xustifícase a concerrenza dos presupostos esixidos na devandita norma legal para que proceda a transferencia do tramo sinalado, ao darse as condicións sinaladas no artigo 127 do Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro. Neste senso, informa que:

“El tramo cuya cesión se solicita es mayoritariamente utilizado por tráfico urbano, acceso a la mencionada instalación sanitaria, residencias geriátricas situadas en sus inmediaciones, así como centros de educación, y en un futuro inmediato al polígono comercial que se desarrolla, y no interrumpe la continuidad en la Red de Carreteras del Estado”.

II.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Consonte o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local na súa relación coa disposición adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a competencia se exercerá pola Xunta de Goberno Local.

Por todo o anterior, se formula a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

PRIMEIRO.- Solicitar ao Ministerio de Fomento a transferencia en favor do Concello de Vigo, do tramo da A – 55 situado no P.K. 6 + 280, segundo se reflicte no informe do director adxunto dos servizos técnicos de data 05.06.2009.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a firma da acta de entrega e dos documentos necesarios ao efecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

42(883).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN GRÚA PARA O TRANSPORTE DE MATERIAIS DE OBRA PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL. EXPTE. 6584/445.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 29.05.09, e de acordo co informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais, do 17.04.09, conformado polo asesor xurídico e a concelleira delegada do Servizo de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-las bases técnicas para o contrato de subministro, dun camión grúa para movemento de materiais de obra para o Parque Móbil do Concello de Vigo redactado polo Enxeñeiro Técnico xefe do Servicio

2º.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado polo Xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais para a contratación por procedemento aberto do subministro dun camión grúa para o Parque Móbil municipal.

3º.- Autoriza-lo gasto para a contratación do subministro dun camión grúa para movemento de materiais para o Parque Móbil do Concello de Vigo con cargo á partida 1212.624.0000 do presuposto 2009 polo importe de:

Presuposto total con IVE= 130.000,00 €

Importe sin IVE = 112.068,97 €

IVE a soportar pola administración = 17.931,03 €

4º.- Abri-lo procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

43(884).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA. 10410/332.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 10.06.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Newlink Mc Kinney-Pascual S.L . o procedemento aberto para a contratación dos servizos de execución do programa de inmersión en Lingoa Inglesa (expte 10410-332) por un prezo total de 595.000 euros. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 04-05-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).

- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- Xustificante de ter aboado os anuncios de licitación por importe de 594,75 euros.

44(885).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU. EXPTE. 2440/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico, do 18.06.09, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 19.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Industria, comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de modificacións dos Estatutos da Fundación Vigo convention Bureau, con carácter previo á súa aprobación polo Pleno da Corporación, segundo o texto que de seguido se di:

ESTATUTOS FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico.*
Artigo 2. Personalidade e capacidade xurídica.
Artigo 3. Ámbito, domicilio e duración.

TÍTULO II

OBXECTO DA “FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU”

- Artigo 4. Fins*
Artigo 5. Actividades fundacionais

TÍTULO III

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS

- Artigo 6. Destino de rendas e ingresos.*
Artigo 7. Beneficiarios/as

TÍTULO IV

DA DOTACIÓN E DAS ENTIDADES FUNDADORAS E COLABORADORAS

- Artigo 8. Dotación da Fundación.*
Artigo 9. Entidades fundadoras.

- Artigo 10. Entidades colaboradoras.
Artigo 11. Dereitos e obrigas dos membros colaboradores.
Artigo 12. Separación das entidades colaboradoras.

TÍTULO V

GOBERNO DA FUNDACIÓN

- Artigo 13. Órganos de goberno e xestión da “Fundación Vigo Convention Bureau”.
Artigo 14. O Padroado.
Artigo 15. Funcións do Padroado.
Artigo 16. Funcionamento, convocatoria e acordos.
Artigo 17. Composición do Padroado.
Artigo 18. Organización do Padroado.
Artigo 19. Nomeamento, substitución e cesamento de patróns
Artigo 20. O/A Presidente/a
Artigo 21. O/A Vicepresidente/a
Artigo 22. Vogais do Padroado.
Artigo 23. O/A Secretario/a
Artigo 24. O/A Tesoureiro/a
Artigo 25. O Comité Executivo.
Artigo 26. O/A Xerente.
Artigo 27. Funcións do Xerente.

TÍTULO VI

RECURSOS DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

- Artigo 28. Composición, administración e disposición do patrimonio.
Artigo 29. Titularidade de bens e dereitos.
Artigo 30. O financiamento.
Artigo 31. Plan de actuación.
Artigo 32. Xestión económica.
Artigo 33. Das contas anuais.

TÍTULO VII

MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

- Artigo 34. Modificación dos estatutos.
Artigo 35. Fusión con outra fundación.
Artigo 36. Extinción da Fundación.

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico.

Ó abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e, de acordo co artigo 27º-26º do Estatuto de Autonomía para Galicia, coa denominación Vigo Convention Bureau, constitúese unha organización de natureza fundacional de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, o

patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da organización.

A Fundación Vigo Convention Bureau rexerese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, polas demais normas de desenvolvemento, ou no seu caso polas disposicións que as substitúan; pola vontade dos fundadores manifestada nos presentes estatutos e polas normas e disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos estableza o Padroado.

Ase mesmo, tamén se rexerá polas disposicións que lle sexan aplicables da Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións, pola lei 49/2002, de 23 de decembro de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais do mecenado, así como pola demais normativa que sexa de aplicación.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade xurídica.

1.- Para o cumprimento dos seus fins a Fundación Vigo Convention Bureau terá plena capacidade xurídica e de obrar, para o que poderá realizar todos os actos necesarios, sen outras limitacións que as expresamente impostas polas disposicións legais aplicables a esta clase de fundacións e polos presentes estatutos.

2.- A Fundación Vigo Convention Bureau adquirirá plena personalidade xurídica dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia, sen prexuízo da validez das actuacións imprescindibles realizadas durante a súa formación, que se entenderán asumidas automaticamente por esta, unha vez inscrita.

Artigo 3.- Ámbito, domicilio e duración.

1.- A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá as súas actividades principalmente na Comunidade autónoma galega, sen prexuízo de que nas súas actividades de promoción da imaxe da cidade poida exceder este ámbito territorial e establecer relacións instrumentais con terceiros en diferente ámbito territorial.

2.- O domicilio da Fundación Vigo Convention Bureau radicará na casa do Concello de Vigo, na Praza do Rei s/n, no municipio de Vigo. O Padroado poderá promover o cambio de domicilio, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ao Protectorado na forma prevista na lexislación vixente.

3.- A fundación ten carácter permanente e a súa duración será indefinida, aínda que poderá disolverse nos casos previstos legal e estatutariamente, previo cumprimento dos trámites legais e regulamentariamente procedentes.

TÍTULO II **OBXECTO DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU**

Artigo 4.- Fins.

O fin da “Fundación Vigo Convention Bureau” é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións, e a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Artigo 5.- Actividades fundacionais.

Para o cumprimento do dito obxecto fundacional, a fundación levará a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Captar congresos, mediante actuacións ante as institucións, entidades, grupos ou persoas que as convoquen; presentación de candidaturas en colaboración cos seus delegados locais, e seguimento e actuación ante as diversas administracións para o seu fomento.
- Captar convencións e viaxes de incentivo de grandes empresas, mediante promocións específicas en diferentes cidades nacionais e internacionais e viaxes de familiarización a Vigo de altos executivos con capacidade decisoria.
- Informar e axudar na selección de infraestruturas e servizos especializados para a organización de todo tipo de eventos, reunións, conferencias, congresos, etc.
- Asistir na confección de programas de actividades para viaxes de incentivo e programas culturais, sociais e de ocio para delegacións e acompañantes.
- Aglutinar ás empresas, institucións, organismos, que presten servizos para a organización de congresos, reunións, conferencias, simposios, etc.
- Crear e consolidar unha conciencia pública - tanto oficial como privada - en relación coa transcendencia económica do turismo e, especialmente, do turismo de congresos e reunións.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con estas actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo como sede de congresos e reunións, así como a todos os membros do Padroado, podendo celebrar incluso convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector público ou privado, que contribúan ao seu desenvolvemento.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.
- Asistir a feiras e salóns especializados.
- Promocionar nos medios de comunicación nacionais e internacionais a Vigo como sede de congresos.
- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e provedoras de bens e servizos relacionados coa actividade de turismo de reunións.
- Elaborar e manter unha páxina web específica da Fundación Vigo Convention Bureau.
- Producir e distribuír a Guía Profesional de Congresos, que aglutine toda a información turística, cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de congresos, así como as empresas de servizos especializados para este tipo de eventos.
- Prestar asesoramento para a organización de congresos ou reunións en Vigo, xestionando os contactos coas empresas profesionais necesarias.
- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicacións de interese aos delegados.

- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre Vigo.

O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da fundación, tendentes á consecución daqueles obxectivos concretos que, a xuízo daquel e dentro do cumprimento dos seus fins, sexan os máis adecuados ou convenientes en cada momento.

TÍTULO III

REGRAS BÁSICAS PARA A APLICACIÓN DOS RECURSOS AO CUMPRIMENTO DOS FINS FUNDACIONAIS E PARA A DETERMINACIÓN DOS BENEFICIARIOS/AS

Artigo 6.- Destino das rendas e ingresos

Á realización dos fins fundacionais destinarase ao menos o 70 por cento dos resultados das explotacións económicas que se realicen, e dos ingresos obtidos por calquera outro concepto, unha vez deducidos os gastos realizados para a súa obtención, debéndose destinar o resto a incrementar a dotación fundacional ou as reservas, consonte coa decisión do Padroado.

- Non se incluírán no cálculo dos ingresos as doazóns recibidas en concepto de dotación.
- Os gastos de administración non poderán superar a porcentaxe fixada na lexislación vixente.

Artigo 7.- Beneficiarios/as.

1.- Será beneficiaria da Fundación Vigo Convention Bureau o conxunto da cidadanía viguesa, da área metropolitana e de Galicia, xa que o desenvolvemento da economía produtiva e da economía social de Galicia que propicia o turismo de reunións, incidirá positivamente na mellora do nivel de vida.

2.- Así mesmo serán beneficiarias das actividades da Fundación Vigo Convention Bureau as persoas físicas e/ou xurídicas que reúnan algunha das condicións seguintes:

a/ Ser demandantes de asesoramento e/ou de servizos especializados na organización de toda sorte de eventos no termo municipal de Vigo.

b/ Desenvolver actividades económicas relacionadas co turismo de reunións e os seus participantes no ámbito da área metropolitana de Vigo.

C/ Prestar servizos, posuír infraestruturas ou elaborar elementos susceptibles de utilización polo turismo de reunións que se desenvolva en Vigo.

d/Demandar material de promoción da cidade.

e/ Interesar información sobre estatísticas, bases de datos, servizos, equipamento, contactos comerciais e recursos de Vigo, tanto da información xeral aberta á demanda, como da restrinxida para entidades colaboradoras ou que teñan o carácter de interesadas.

3.- A determinación de beneficiarios/as será efectuada polo Padroado con criterios de imparcialidade e non discriminación.

TÍTULO IV

DAS ENTIDADES FUNDADORAS E COLABORADORAS

Artigo 8.- Dotación da Fundación.

1.- Está composta pola achega fundacional determinada na carta fundacional.

2.- Polos bens e dereitos que no sucesivo adquira a Fundación ou se aporten polos fundadores ou por terceiras persoas que o Padroado acorde afectar con carácter permanente ós fins fundacionais. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu Inventario e, no seu caso, nos Rexistros correspondentes.

Artigo 9.- Entidades fundadoras.

Son entidades fundadoras da Fundación Vigo Convention Bureau as que como tales figuren na escritura pública fundacional.

Artigo 10.- Entidades colaboradoras.

1.- Consideraranse entidades colaboradoras as persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que acrediten o seu interese en colaborar economicamente e de forma activa no desenvolvemento dos fins fundacionais da Fundación Vigo Convention Bureau.

2.- As solicitudes de ingreso, dirixidas ao Presidente do Padroado, deben ser aprobadas polo Padroado da Fundación por maioría de dous terzos dos asistentes á reunión, sempre que supoña maioría absoluta dos membros da fundación, e estarán supeditadas a que se realice a achega que se considere suficiente, que será anualmente aprobada polo Padroado.

3.- A solicitude de ingreso irá acompañada do acordo do órgano competente solicitando a admisión e deberá manifestar a vontade de aceptación destes estatutos e os acordos que os desenvolvan, así como as demais disposicións que resulten aplicables, co compromiso de asumir as obrigas inherentes á condición de entidade colaboradora.

4.- O conxunto ou asemblea das entidades colaboradoras, propondrá ao Padroado un vogal en representación destas.

Artigo 11.- Dereitos e obrigas dos membros colaboradores.

12. Cumprir os estatutos e acordos que se adopten.

13. Residir na cidade, Mancomunidade ou Área Metropolitana.

14. Asistir con dereito a voz ás reunións do Padroado, previa invitación do Presidente.

15. Satisfacer as achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan.

16. Participar nos órganos complementarios, que se creen, na forma que se determine.

17. Aportar información da súa entidade para elaborar estatísticas tendentes ao mellor coñecemento da realidade do sector turístico de Vigo

18. Recibir información para o exercizo das súas funcións na fundación.

Artigo 12.- Separación das entidades colaboradoras.

1.- O Padroado previo requirimento poderá decidir a separación destas entidades, en caso de incumprimento notorio e reiterado das súas obrigas, tras a instrución do expediente ao efecto e coa audiencia da entidade afectada.

2.- Non será preciso requirimento previo no caso de actos que afecten gravemente ao interese xeral e aos fins da Fundación. En todo caso será precisa a audiencia da entidade ou interesado no expediente que se instrúa.

3.- O incumprimento de obrigas non será determinante para a separación se a entidade cumprise voluntariamente as obrigas contraídas, aínda que sexa de forma extemporánea.

TÍTULO V

GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 13.- Órganos de goberno e xestión da Fundación Vigo Convention Bureau.

Conformarán os órganos de goberno e xestión da Fundación:

1. O Padroado
2. O Comité Executivo
3. O Xerente da Fundación.

Artigo 14.- O Padroado.

1.- O Padroado é o máximo órgano de goberno, representación e administración da Fundación Vigo Convention Bureau. Exercerá as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

2.- O Padroado é titular exclusivo de todas as facultades que en dereito sexan precisas para o eficaz desenvolvemento dos fins fundacionais. Correspóndenlle, con carácter enunciativo, as recollidas nestes estatutos e a interpretación dos mesmos. Todo iso, sen menoscabo de que o protectorado exerza as facultades que a lexislación vixente lle atribúe sobre as fundacións privadas.

Artigo 15.- Funcións do Padroado.

1.- A competencia do Padroado esténdese a todos os actos e negocios xurídicos relativos á representación e goberno da Fundación; á libre disposición e administración de todos os bens que integran o seu patrimonio, rendas e produtos e ao exercizo de todos os seus dereitos e accións.

2.- Correspóndenlle ao Padroado as facultades seguintes:

- a) Exercer o goberno, a representación, a alta inspección, vixia e orientación do labor da Fundación.

- b) Interpretar e desenvolver estes estatutos mediante a aprobación dun Regulamento de Réxime Interno, de persoal e de servizos e demais normativa complementaria que se xulgue conveniente, así como acordar a súa modificación
- c) Adoptar acordos sobre fusión, escisión e extinción da Fundación Vigo Convention Bureau, coas limitacións establecidas na lexislación vixente.
- d) Aprobar o plan de actuación, segundo o establecido no Art. 39 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e as posibles modificacións que puidesen ser necesarias, velar polo cumprimento dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau, garantindo a continuidade da misión, do mandato e dos propósitos polos que se crea.
- e) Aprobar as propostas do xerente no relativo ao plan de marketing
- f) Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas.
- g) Aprobar o cadro de persoal, fixando os criterios da súa selección, e o nomeamento, separación ou cesamento do persoal directivo, consonte coa lexislación vixente, cos presentes estatutos e co Regulamento de Réxime Interno.
- h) Nomear os censores de contas e aprobar estas.
- i) Aprobar concesións, concertos e convenios coas diferentes entidades públicas ou privadas.
- j) Aprobar a admisión de membros colaboradores e a separación destes, así como o nomeamento e cesamento dos expertos que poidan chegar a conformar as comisións asesoras e grupos de traballo que se estime adecuado constituír para o desenvolvemento das funcións da Fundación.
- k) A adquisición, administración e disposición de bens mobles e inmobles nos termos establecidos nas leis e nos presentes estatutos.
- l) Nomear e cesar ao/á Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, que será proposto polo Concello de Vigo, de común acordo coas entidades fundadoras.
- m) Calquera outras atribucións non mencionadas anteriormente que deriven das funcións de goberno da Fundación que correspondan ao Padroado.

3.- O Padroado, excepción feita das facultades sinaladas no artigo 18.1 da Lei de Fundacións de Interese Galego, poderá delegar as súas facultades no Comité Executivo, especialmente a contratación de obras, servizos e subministracións para o desenvolvemento da programación aprobada polo Padroado.

4.- O Padroado poderá avocar en calquera momento as delegacións conferidas e revogar os poderes outorgados por acordo adoitado coa maioría requirida para a súa concesión e a notificación aos interesados.

Artigo 16.- Funcionamento, convocatoria e acordos.

1.- Actuación colexiada.

d) O Padroado exerce as súas funcións de forma colexiada e mediante a adopción dos correspondentes acordos.

e)

2.- Periodicidade das sesións.

- a) *O Padroado reunirase en sesión ordinaria dúas veces ao ano. O Presidente/a poderá, en todo caso, convocar ao Padroado a reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en calquera caso, por solicitude de cando menos a terceira parte dos seus patróns/as.*
- b) *Corresponde en todo caso á sesión ordinaria do Padroado:*
 - b.1 *A aprobación do plan de actuación*
 - b.2 *A aprobación das contas anuais*

3.- Convocatoria.

- a) *Para a válida constitución das sesións requírese a convocatoria por escrito dirixida a todos os membros do órgano de goberno, na que se expresará a orde de día, lugar, data e hora da sesión, con cinco días de antelación.*
- b) *No caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderá realizarse con 48 horas de antelación por un medio que permita deixar constancia da mesma. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando, ao estar presentes a totalidade dos seus membros, así o acorden. En tal caso, o Padroado quedará validamente constituído para tratar os temas que, unánimemente, decidisen incluír na orde do día.*

4.- Acordos.

- a) *Para que quede validamente constituído o Padroado requírese a concorrencia, presentes ou representados por outros membros do Padroado, da metade máis un dos seus membros, entre os que haberá de estar necesariamente o Presidente/a ou Vicepresidente/a e o Secretario/a.*
- b) *Os acordos, se a normativa aplicable ou estes estatutos non esixen un quórum especial, adoptaranse por maioría simple dos patróns asistentes. Cada membro do Padroado ten dereito a un voto. No caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente/a.*
- c) *Non serán válidos os acordos adoptados sobre asuntos que non consten na orde do día, excepto que, por acordo unánime dos membros presentes, se decida a súa inclusión nesta.*

Artigo 17.- Composición do Padroado.

O Padroado estará integrado por un mínimo de oito e un máximo de doce membros. O primeiro Padroado será o designado na escritura de constitución.

Un dos membros do Padroado será o representante do conxunto das entidades colaboradoras da Fundación que se determine.

Artigo 18.- Organización do Padroado.

1.- O Padroado contará cun presidente e cun vicepresidente.

2.- A Presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde/Alcaldesa-Presidente do Concello de Vigo, ou concelleiro-a en quen delegue.

3.- A Vicepresidencia da Fundación será exercida polo Concelleiro/a Delegado de Turismo do Concello de Vigo, ou concelleiro-a en quen delegue.

4.- Os membros do Padroado que sexan persoas xurídicas designaran ás persoas físicas que os representen, as cales deberán deixar constancia da súa aceptación nalgunha das formas previstas no artigo 19 da Lei de Fundacións.

5.- O cargo de patrón que recaia en persoa física deberá ser exercido persoalmente. Non obstante poderá actuar no seu nome e representación outro membro do Padroado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e haberá de axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.

6.- No suposto de que o membro do padroado o sexa por razón do cargo que ocupe, poderá actuar no seu nome a persoa á que legalmente corresponda a súa substitución. No suposto de que esta substitución legal corresponda a outro membro do Padroado, este, ademais de actuar en nome do substituído, conservará o seu dereito de voto como membro substituínte.

7.- O Padroado contará cun secretario e cun tesoureiro. Serán nomeados polo Padroado entre os seus membros a proposta do presidente da Fundación.

8.- Os membros do Padroado exercerán o seu cargo de forma gratuíta sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función. Os membros do Órgano de Goberno terán dereito a que lles sexan reembolsados os gastos, debidamente xustificados, que o desempeño da súa función lles ocasione, sen que as contías percibidas neste concepto poidan exceder os límites previstos na normativa do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para seren consideradas dietas exceptuadas de gravame.

9.- Outorgada a escritura pública fundacional o Presidente do Padroado convocará sesión constitutiva.

Artigo 19.- Nomeamento, substitución e cesamento de patróns

1. O Padroado poderá promover o nomeamento dun novo patrón, sexa persoa física ou xurídica para completar total ou parcialmente o número máximo de membros. O acordo de designación deberá de ser adoptado por maioría de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado, a proposta do presidente e en atención ao mellor desenvolvemento dos fins fundacionais.

2. O Padroado poderá cubrir as vacantes que puideran producirse en caso de que algún dos seus membros decida o seu cesamento como patrón. A vacante poderá ser ocupada pola persoa física ou xurídica que nomee o Padroado, en atención ao seu interese no desenvolvemento dos fins fundacionais. O acordo deberá ser adoptado no prazo máximo de tres meses desde o cesamento, por maioría de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do

Padroado. Así mesmo o Padroado poderá, en caso de vacante, acordar reducir o número de membros mediante unha modificación da súa composición.

3. Os patróns entrarán a exercer as súas funcións despois de teren aceptado expresamente o seu cargo. Esta poderá constar no outorgamento da carta fundacional ou realizarse perante o Padroado, acreditándose mediante certificación expedida polo secretario, co visto e prace do presidente, ou por calquera dos medios contemplados na norma de aplicación.

4. O Padroado poderá promover o cesamento de patróns por calquera das causas previstas na lexislación vixente, e polo procedemento que nesta se fixa.

5. O nomeamento, substitución e cesamento de patróns comunicarase formalmente ao Protectorado.

6. Os patróns desempeñarán as súas funcións por períodos de catro anos, podendo ser reelixidos.

Artigo 20.- O/A Presidente/a

Correspóndelle ao presidente exercer as seguintes funcións:

- 2 Exercer a representación da Fundación.*
- 3 Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións, arbitrar os debates e deliberacións e desfacer os empates co seu voto de calidade.*
- 4 Autorizar a asistencia, con voz pero sen voto, doutras persoas ás reunións do Padroado se a súa presenza se considera conveniente pola natureza das cuestións que se vaian debater.*
- 5 Exercer, en caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación, convocando no prazo máximo de quince días reunión do Padroado, para os efectos de informar e/ou validar os acordos ou actuacións realizadas.*
- 6 Cumprir e facer cumprir os acordos do Padroado.*
- 7 Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.*

Artigo 21.- O/A Vicepresidente/a

Son as súas funcións:

7.Substituír ao presidente/a e exercer as funcións no caso de vacante, ausencia ou enfermidade, e préstalle a súa axuda e colaboración nas funcións que a este correspondan.

8.Presidir o Comité Executivo.

9.Aquelas que, por escrito, lle sexan delegadas polo presidente/a.

Artigo 22.- Vogais do Padroado.

1.- Serán vogais do Padroado as persoas físicas membros do mesmo, as que actúan en representación das persoas xurídicas membros do Padroado e as persoas físicas que sexan membros do Padroado por razón do seu cargo e nas que non concorra a condición de presidente ou vicepresidente do Padroado.

2.- O Padroado da Fundación nomeará como patrono e vogal ao representante da asemblea de entidades colaboradoras, que será elixido en votación realizada ao efecto en asemblea formada por todas elas, convocada polo Presidente da Fundación ou polos dous terzos das entidades colaboradoras. Da dita votación e do seu resultado dará fe o secretario do Padroado, que comunicara a proposta ao Padroado. O acordo de nomeamento como patrón requirirá a maioría de dous terzos dos presente, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado.

3.- A duración do mandato do membro do Padroado elixido polo conxunto das entidades colaboradoras será de catro anos renovables. Poderá ser reelixido indefinidamente por períodos iguais de tempo e cesado por decisión da asemblea de entidades colaboradoras seguindo o mesmo procedemento que para o seu nomeamento.

4.- Ademais das causas de cesamento previstas para os patróns no artigo 24.4 da Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, será automático o cesamento dos/das vogais no Padroado de cesaren nas súas respectivas entidades, administracións ou cargos. Estas deberán nomear ao substituto/a coa maior brevidade posible. Tamén cesarán por petición propia ou cando sexan substituídos pola entidade ou administración que representen.

5.- Os vogais do Padroado teñen dereito a:

- a) Recibir a convocatoria coa orde do día e asistir ás xuntanzas dos órganos dos que formen parte.
- b) Exercer o dereito ao voto.
- c) Obter a información precisa para o cumprimento da súas funcións.

6.- Os vogais do Padroado están obrigados a :

- a) Cumprir e facer cumprir estritamente os fins fundacionais de acordo co disposto nos estatutos da Fundación.
- b) Concorrer ás reunións ás que sexan convocados e velar pola legalidade dos acordos que nelas se adopten.
- c) Desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal.
- d) Conservar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación e manter plenamente a produtividade destes, segundo os criterios financeiros e de acordo coas circunstancias económicas.
- e) Vixiar para que a Fundación aporte información suficiente e veraz aos eventuais beneficiarios e persoas interesadas na mesma.

Artigo 23.- O/A secretario/a

O/A secretario/a será designado polo Padroado entre os seus membros, a proposta do Presidente da Fundación, por maioría absoluta dos membros do Padroado.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- e) *O/a secretario/a do Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau deberá estar presente en todas as reunións.*
 - f) *Será fedatario de todos os actos, resolucións e acordos do Padroado, do Comité executivo e da asemblea de entidades colaboradoras, correspondéndolle a custodia do libro de actas e de toda a documentación da Fundación, a redacción das actas das reunións do Padroado, do Comité Executivo e da asemblea de entidades colaboradoras, que se transcribirán no libro de actas co “conforme” do/a Presidente/a, así como emitir as certificacións que procedan co visto e prace do/a Presidente/a.*
 - g) *Calquera outra que lle encomende a Presidencia.*
4. *Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a secretario/a será substituído polo vogal de menor idade do Padroado.*

Artigo 24.- O/A Tesoureiro/a

O/A tesoureiro/a será designado polo Padroado entre os seus membros, a proposta do Presidente da Fundación, por maioría absoluta dos membros do Padroado.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

1. *Xunto co Xerente, a formulación da proposta de plan de actuación, segundo instrucións recibidas do Padroado.*
2. *A rendición de contas, especialmente das contas anuais da Fundación.*
3. *Calquera outra que lle encomende a Presidencia.*

Artigo 25.- O Comité executivo.

1.- *Crearase un Comité executivo, integrado polos seguintes membros:*

- *O/A Presidente/a.*
- *Dous vogais nomeados de entre os do Padroado polo/a Presidente/a do Comité executivo.*
- *O/A Secretario/a do Padroado.*
- *O/A Tesoureiro/a do Padroado,*

2.- *Exercerá ás funcións de Presidente/a do Comité executivo o Vicepresidente/a do Padroado.*

3.- *O Comité executivo exercerá as funcións de xestión e administración efectiva da Fundación que o Padroado lle delegue, de cara a unha maior operatividade e adecuación para o cumprimento dos acordos, programas e obxectivos do Padroado. Nesta delegación de funcións quedan expresamente exceptuadas as que son indelegables segundo a Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego.*

4.- *O Xerente da Fundación asistirá necesariamente con voz e sen voto ás sesións do Comité executivo. Poderán asistir tamén, previa invitación do presidente, os asesores da Fundación que se nomeen.*

5.- *Nas súas sesións se estudarán e avaliarán as propostas realizadas polo/a Xerente, elaborando un documento definitivo, que se someterá a aprobación do Padroado, entre outras a do Plan de actuacións e contas anuais.*

Artigo 26.-O/A Xerente.

1.- O Padroado nomeará un/unha xerente que será o superior órgano unipersoal de xestión ordinaria e administrativa da Fundación Vigo Convention Bureau, que exercerá as súas funcións consonte coas directrices emanadas do comité executivo e do seu presidente e sen prexuízo das funcións atribuídas ao Padroado, ao seu Presidente, ao Comité Executivo e ao Presidente deste.

2.- O nomeamento do/a Xerente deberá recaer nunha persoa física con solvencia técnica acreditada.

3.- O nomeamento e o cesamento do/a Xerente requirirá acordo adoitado polos dous terzos dos membros do Padroado.

4.- A Fundación Vigo Convention Bureau formalizará co/a Xerente un contrato laboral axeitado ao seu labor funcional. En ningún caso, a duración do contrato poderá exceder de sete anos, prorrogables por acordo das partes e conforme ás disposicións aplicables á materia.

Artigo 27.- Funcións do Xerente.

Serán funcións do/a Xerente:

Preparar, estudar e executar os acordos aprobados polo Padroado e o Comité Executivo, así como os mandatos da Presidencia.

O/A Xerente da Fundación “Vigo Convention Bureau” deberá asistir ás sesións do Padroado da Fundación e as do Comité Executivo con voz pero sen voto.

Propoñer ao Padroado e executar as estratexias e políticas de actuación da Fundación, así como asinar, por delegación do Presidente, do Padroado ou do Comité Executivo, os convenios, concertos e contratos con entidades públicas, privadas ou particulares que sexan necesarios para formular e desenvolver o Plan de actuacións nos termos establecidos pola lexislación vixente e nos presentes estatutos. Igualmente corresponderalle a realización dos actos que destes contratos deriven.

Elaborar as propostas de Plan de actuacións, Plan de marketing e Contas anuais, para sometelas ao estudio e avaliación do Comité executivo. Redactar, xunto co Secretario/a, o documento definitivo segundo instrucións do Comité executivo, para que este órgano o eleve á consideración do Padroado. Ademais deberá de dirixir, organizar e supervisar as diferentes áreas, liñas de actuación e servizos para levar a cabo correctamente os fins da Fundación.

Dirixir, xestionar e inspeccionar, conforme ás directrices do Presidente, do Padroado e do Comité executivo, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau.

Propoñer ao Comité executivo o Plan de Actuacións, Plan de marketing e Contas anuais, e no seu caso, as modificacións correspondentes. O Comité Executivo, unha vez analizada a proposta, cando esta sexa definitiva, a elevará a aprobación do Padroado.

Administrar o patrimonio segundo as leis e as atribución conferidas polos órganos de dirección e decisión.

Ordenar, por delegación da presidencia do Padroado, os pagamentos e a xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Comité executivo.

Velar polo mantemento xeral das instalacións e equipamentos da Fundación.

Redactar os Regulamentos de Réxime Interno, de persoal e de servizos.

Propoñerlle ao Comité Executivo o nomeamento e cesamento dos cargos directivos, que elevará a proposta, cando sexa conforme, ao Padroado para a súa ratificación definitiva.

Desenvolver a política de persoal deseñada polo Comité executivo, e para tal fin, seleccionarao persoal, concertar ou rescindir relacións laborais, acordar sancións e executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.

Exercer en casos de urxencia, por delegación do/a Presidente/a, as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación Vigo Convention Bureau e informarao Comité Executivo na primeira sesión que se realice.

Todas aquelas funcións que o Padroado e o Comité executivo lle encomenden e cantas competencias lle sexan delegadas por este de forma expresa ou todas aquelas que, sendo necesarias para a máis eficaz dirección e administración da Fundación, non lle estean reservadas a outros órganos.

TÍTULO VI RECURSOS DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 28.- Composición, administración e disposición do patrimonio.

1.- O patrimonio da Fundación Vigo Convention Bureau estará constituído pola dotación inicial da Fundación Vigo Convention Bureau, recollida na Carta Fundacional e polos bens e dereitos de calquera clase que no sucesivo adquira a Fundación, ou se aporten polos fundadores ou por terceiras persoas e que o Padroado acorde afectar con carácter permanente aos fins fundacionais. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu Inventario e, no seu caso, nos Rexistros correspondentes.

2.- A administración e disposición do patrimonio corresponderá ao Padroado na forma establecida nestes estatutos e con suxeición ao disposto na Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego.

3.- Os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación deberán figurar o seu nome no inventario e inscribirse nos Rexistros correspondentes. Os fondos públicos e os valores mobiliarios deberán ser depositados ao seu nome en establecemento financeiro.

Artigo 29.- Titularidade de bens e dereitos.

1.- *A adquisición, administración e disposición dos bens corresponde ao Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau de acordo con estes estatutos, sen prexuízo da delegación destas facultades no Comité Executivo, e das facultades de administración que se atribúen ao Xerente.*

2.- *Poderán adscribirse á Fundación Vigo Convention Bureau bens e dereitos sen que isto implique a transmisión de dominio. Estes bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión debidamente separados daqueles que fosen adquiridos ou se adquirisen no exercizo da actividade da Fundación Vigo Convention Bureau.*

3.- *Os bens que integran o patrimonio fundacional, sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan vinculados exclusivamente ao cumprimento directo ou indirecto dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau. O seu alleamento e gravame requirira das comunicacións ao Protectorado e constancias previstas no artigo 29 da Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego.*

Artigo 30.- O financiamento.

1.- *Os recursos económicos da Fundación Vigo Convention Bureau compóranse de:*

- *A dotación inicial.*

- *As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidirse por parte do Padroado.*

- *Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.*

- *Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.*

- *Os rendementos do seu patrimonio.*

- *Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.*

- *Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.*

2.- *A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá actividades económicas relacionadas cos fins fundacionais, sexan complementarias ou accesorias ás mesmas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.*

Artigo 31.- Plan de actuación.

O Padroado elaborará e remitirá ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercizo, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexa desenvolver durante o exercizo seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.

Artigo 32.- Xestión económica.

1.- A xestión económica da Fundación levarase de acordo cos seguintes principios recollidos no artigo 31 da Lei de Fundacións de Interese Galego:

- a) Destinar efectivamente o patrimonio e as súas rendas, de acordo con esta Lei e os estatutos da Fundación, aos seus fins fundacionais.
- b) Dar información suficiente dos seus fins e actividades para que sexan coñecidos por os seus eventuais beneficiarios e demais interesados.
- c) Actuar con criterios de imparcialidade e non discriminación na determinación dos seus beneficiarios.
- d) Respetar o código de conduta das entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 33.- Das contas anuais.

1.- A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para isto levarán necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais, legalizados polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2.- O Padroado da Fundación elaborará, en referencia ao anterior exercizo económico, as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de resultados e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e serán redactados con claridade, mostrando a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación. O exercizo económico coincidirá co ano natural.

3.- As contas anuais serán aprobadas polo Padroado, antes do 1 de xullo de cada ano, sendo asinadas polo presidente do Padroado ou membro deste en quen delegue.

4.- As contas anuais, comprensivas do balance de situación, conta de resultados do exercizo anterior e da memoria, debidamente asinados e con certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade, serán remitidos, no prazo de 20 días hábiles, a contar da súa aprobación, ao Protectorado

5.- A contabilidade da Fundación Vigo Convention Bureau será obxecto de auditoría nos supostos do artigo 37 da Lei de Fundacións de Interese Galego, sen prexuízo de que se sometan a auditoría externa aspectos das contas que a xuízo do Padroado ou do Protectorado presenten circunstancias especiais que o aconsellen.

TÍTULO VII

MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 34.- Modificación de estatutos.

1.- Por acordo do Padroado adoptado coa maioría de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña maioría absoluta dos membros do Padroado, poderán ser modificados os presentes estatutos,

sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos esixidos na Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego e disposicións regulamentarias.

Artigo 35.- Fusión con outra fundación.

A Fundación Vigo Convention Bureau poderça fusionarse con outra ou outras, logo do acordo dos respectivos padroados.

O acordo de fusión deberá de ser aprobado co voto favorable de dous terzos dos asistentes á reunión, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do padroado.

Artigo 36.- Extinción da Fundación.

1.- Ademais das causas previstas nos apartados c), d) e f) do artigo 44 da lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, a disolución da Fundación Vigo Convention Bureau, realizarase por acordo do Padroado, en sesión extraordinaria especial convocada ao efecto, e requirirá o voto favorable de dous terzos dos asistentes, sempre que supoña a maioría absoluta dos membros do Padroado. Este acordo deberá ser ratificado polo Protectorado.

2.- En caso de extinción, e a teor do disposto no Art. 6 da Lei 49/2002, o patrimonio da Fundación destinarase ao Concello de Vigo, como entidade pública de natureza non fundacional que persigue fins de interese xeral.

3.- A extinción da fundación, salvo que sexa consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación polo Padroado, baixo o control e asesoramento do Protectorado.”

45(886).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN INTEGRAL DAS FESTAS DE VERÁN 2009 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3128/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 15.06.09, o informe de Intervención Xeral, do 19.06.09, e de acordo co informe-proposta do do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Declara-la urxencia na tramitación do expediente 3128-335 para a contratación do servizo de produción integral das festas de verán 2009 do Concello de Vigo polas causas expostas no fundamento sétimo da parte expositiva de este informe.

2º.- Aproba-lo gasto de 472.352 euros para a contratación do servizo de produción integral das festas de verán 2009 do concello de Vigo que se imputarán a partida 4512.226.08.05 do presuposto do ano 2009.

3º.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto con múltiples criterios de adxudicación do servizo de produción integral das festas de verán 2009 do concello de Vigo que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 15-05-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto con múltiples criterios de data 14-05-2009.

4º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

46(887).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E EXECUCIÓN DA CAMPAÑA PUBLICITARIA PARA AS FESTAS DE VERÁN NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2009. EXPTE. 3083/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 5.06.09, o informe de Intervención Xeral, do 19.06.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 19.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 3083-335 para a contratación do servizo de deseño e execución da campaña publicitaria para as festas de Verán nos meses de xullo e agosto de 2009 do concello de Vigo polas causas expostas no fundamento sétimo da parte expositiva de este informe.

2º.- Aproba-lo gasto que de 69.000 euros para a contratación do servizo de deseño e execución da campaña publicitaria para as festas de Verán nos meses de xullo e agosto de 2009, que se imputarán a partida 4512.226.08.05 do presuposto do ano 2009.

3º Aproba-lo expediente para a contratación do servizo de deseño e execución da campaña publicitaria para as festas de Verán nos meses de xullo e agosto de 2009 que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 17-03-09, e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 04-05-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

47(888).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE DE INFRAESTRUCTURAS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES PARA O PROGRAMA INFANTIL “CASTRO CATIVO”. EXPTE. 3027/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.06.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 3027-335 para a contratación do servizo de montaxe de infraestructuras e desenvolvemento de actividades para o programa infantil “Castro Cativo” do concello de Vigo polas causas expostas no fundamento sétimo da parte expositiva de este informe.

2º.- Aproba-lo gasto que de 57.000 euros euros para a contratación do servizo de montaxe de infraestructuras e desenvolvemento de actividades para o programa infantil “Castro Cativo” que se imputarán a partida 4512.226.08.05 do presupostos do ano 2009.

3º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación do servizo de montaxe de infraestructuras e desenvolvemento de actividades para o programa infantil “Castro Cativo” que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 27-02-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado con publicidade de data 22-06-2009.

4º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a a publicación de anuncio no perfil do contratista do concello de Vigo.

48(889).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.